Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luís Bará Torres, Paulo Ríos Santomé, Alexandra Fernández Gómez, Montserrat Valcárcel Armesto e Sonia Vidal Lamas, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª polo trámite de urxencia**, sobre o estudo realizado pola consultora EPTISA en relación coa AP9.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén determinada pola necesidade de avaliar correctamente as vías xurídicas e o custo económico que terían a nulidade da ampliación da concesión e o rescate da mesma, e as súas consecuencias para as arcas públicas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. O prazo da concesión da AP9 foi ampliado en 36 anos, até o máximo legal de 75 anos. En agosto de 2023 comezou a última ampliación, por 25 anos, aprobada polo goberno do PP no 2000. Esa ampliación implicou ademais a privatización e venda de ENA, propietaria da Autoestrada do Atlántico (AUDASA).

2. O Parlamento galego pronunciouse en numerosas ocasións en relación coa transferencia da AP9 a Galiza e o remate da concesión, para evitar a discriminación que sofre Galiza e a estafa dunhas peaxes abusivas. Na escalada das peaxes, a única noticia positiva foi a aprobación de bonificacións que abaratan sensiblemente o custo para persoas usuarias recorrentes e que fan viaxes de ida e volta no mesmo día. Unhas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

bonificacións que está previsto ampliar e estender tamén á AP53 (Santiago-Lalín), outra autoestrada do grupo ITINERE que ten un período concesional de 75 anos e que ten uns prezos moi elevados.

3. Segundo informacións xornalísticas, en xullo de 2024 os fondos de investimento APG e Corsair fixéronse coa maioría do grupo Itínere, propietario de Audasa, ao chegar a un acordo co fondo de investimento Globalvía, logo dunha etapa de disputa polo control de Itínere. En 2018 o fondo de investimento Globalvía mercara as participacións de Kutxabank e Abanca.

É dicir, que AUDASA, a AG 55, a AG 55 e a AP 53 (nun 18,36%) pertencen a fondos de investimento internacionais, e perdeuse por completo a pouca “galeguidade” que había na xestión de máis 333 km de estradas de peaxe en Galiza

4. No ano 2021, a raíz dunha denuncia de En Colectivo, a Comisión Europea iniciou un procedemento sobre a legalidade da ampliación da concesión actualmente en vigor (2023-2048), que se basea no incumprimento das directivas comunitarias que regulan os servizos, a competencia e a contratación pública. No ano 2024 a Comisión fixo pública a carta de emprazamento a España na que abre un procedemento de infracción polo incumprimento da normativa sobre concesións e contratación pública. A Comisión considera que o goberno español ampliou a duración de dúas concesións (unha delas a da AP9) vulnerando a normativa comunitaria de contratación.

Logo de abrirse esta vía para a anulación da concesión e a recuperación da xestión pública da autoestrada AP 9, o parlamento galego aprobou, no pleno do 14 de maio de 2024 o seguinte acordo

“O Parlamento insta a Xunta a demandar do Goberno do Estado que, en coherencia co procedemento aberto pola Comisión Europea, inicie os trámites para:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-a anulación da prórroga de 25 anos outorgada á concesionaria da AP 9

-a asunción da xestión directa da autoestrada e a supresión das peaxes

-o impulso da transferencia da AP 9 a Galiza.

Ademais, o Parlamento insta a Xunta a ser parte activa deste procedemento encargando un estudo no que se exploren as vías xurídicas para a anulación da prórroga e se avalien os custos económicos que tería para o Estado a asunción da xestión directa da AP 9".

Logo destes acordo, a Xunta encargou un estudo á consultora EPTISA ("Análisis rescate y transferencia AP9") e o BNG encargou un estudo á UdC ("Análise xurídica e valoración económica do estado da autoestrada do Atlántico AP9"), que chegan a conclusións diferentes a respecto das vías para anular a concesión, a valoración económica da autoestrada e a transferencia da mesma.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª polo trámite de urxencia:

- Quen decidiu contratar directamente a EPTISA para facer o estudo do rescate e a transferencia da AP9?

- Considerouse a opción de seleccionar outras empresas ou a de encargar o estudo ao sistema universitario galego?

- Era coñecedor o goberno galego da relación de EPTISA con AUDASA e polo tanto a existencia dun posible conflito de interese?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Por que razón o estudo de EPTISA sobre a AP9 considera a opción do rescate da concesión e non a da nulidade da prórroga da concesión, vía esta aberta pola Comisión Europea?

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2025

Asdo Luís Bará Torres

Paulo Ríos Santomé

Alexandra Fernández Gómez

Montserrat Valcárcel Armesto

Sonia Vidal Lamas

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 02/05/2025 12:30:10

Paulo Ríos Santomé na data 02/05/2025 12:30:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 02/05/2025 12:30:28

Montserrat Valcárcel Armesto na data 02/05/2025 12:30:42

Sonia Vidal Lamas na data 02/05/2025 12:30:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, Brais Ruanova Vilas-Boas, Carmela González Iglesias, Ramón Fernández Alfonzo e Daniel Pérez López, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª polo trámite de urxencia**, relativa á calidade de subministro eléctrico, aos indicadores de medida e as indemnizacións que reciben os consumidores.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de coñecer canto antes no Parlamento as actuacións e as previsións da Xunta de Galiza a respecto do recente apagón do sistema eléctrico.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado luns 28 de abril, o Estado español sufriu un apagón total do seu sistema eléctrico, o que se denomina un “cero”. Este apagón, como non pode ser doutra maneira, tamén afectou á Galiza na súa totalidade, así como á veciña República Portuguesa.

Case unha semana despois de terse producido, non temos ningunha certeza sobre que causas foron as que desencadearon o desastre, nin por que o propio sistema non foi quen de parar a progresión do fallo, ata chegar ao cero total na península ibérica.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O que si temos claro é tanto o modelo económico como o modelo técnico do mercado eléctrico, teñen que mudar.

Respecto a este último cabe pensar que o máis sensato é que o sistema se poida illar por zonas, evitando un colapso total do mesmo; e neste punto é onde cobra un unha especial relevancia o papel que Galiza xoga no escenario enerxético estatal.

Papel relevante en canto ao seu carácter de exportador de enerxía eléctrica, e compre recordar que so nos últimos cinco anos Galiza exportou o 35,74% de toda a enerxía que xerou, cubrindo a totalidade da súa demanda con enerxía renovable.

Relevancia tamén no protagonismo que a enerxía hidráulica ten no mix enerxético galego, representando máis do 30% da xeración neta de electricidade. E tamén fornecendo ao sistema de seguridade e inercia, tal e como se viu na xestión que Rede Eléctrica de España fixo para repoñer o servizo.

Por iso podemos cuestionar abertamente que se dese prioridade a outras zonas do estado antes que a Galiza, a pesares de que boa parte da enerxía se sacase das centrais hidráulicas galegas.

A respecto do modelo económico que rexe o mercado, compre mudalo dende a base. No BNG sempre fomos críticos co sistema de fixación de prezos do mercado eléctrico, que asigna o mesmo prezo en cada hora que á última tecnoloxía en entrar, que é sempre a máis cara.

Agora toca ser críticos tamén cos mecanismos e mercados que se encargan de aportar seguridade ao sistema eléctrico. Non é de recibo que mecanismos críticos, dos que depende que diante dun fallo teñamos ou non luz nos nosos fogares e nas nosas empresas, estean baixo a especulación económica.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Parece máis ca necesario, á hora de responder diante dun problema, tal e como se viu o pasado luns, que as ferramentas para que controlen o mercado eléctrico non poidan ser obxecto da cobiza de grandes empresas multinacionais.

É o momento de cuestionarse a participación pública no sistema eléctrico. É a hora de contar cunha empresa de capital 100% público que poña os intereses da cidadanía por diante dos intereses económicos das empresas do oligopolio eléctrico.

No BNG apostamos por esa empresa enerxética pública e galega, con competencias directas na rede de distribución. Pero tamén apostamos por desenrolar un gran centro de investigación en materia de almacenamento enerxético e redes eléctricas que deseñe un novo modelo de rede que dea resposta a unha alta penetración de enerxía renovable, ofrecendo seguridade para os consumidores. A Xunta, lonxe de recoller estas demandas do BNG, prefere esquivar a súa responsabilidade e pasarlle a pelota ao goberno central, cando a cousa se pon fea.

Os feitos demostran que, unha vez máis, o papel que xoga Galiza como unha das comunidades máis solidarias de todo o estado a nivel de enerxía eléctrica, unha das comunidades que máis flexibilidade achega ao sistema ibérico da electricidade, non se ve xustamente recompensada por este feito.

No canto de desfrutar dunha tarifa propia que lle permita á empresa galega ser máis competitiva, que permita rematar co dato da vergoña – Un 21,6% de fogares galegos está en pobreza enerxética- Galiza é solidaria a cambio de nada.

A calidade do subministro eléctrico é o conxunto de características, técnicas e atención e relación cos consumidores e, se é o caso, produtores, requiridas para a subministración de enerxía eléctrica das empresas que desenvolvan actividades destinadas á subministración de enerxía eléctrica. Sendo, como é, un ben básico





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

indispensable, a calidade do subministro eléctrico debería ser obxecto de estandarización e de vixilancia.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª polo trámite de urxencia:

1. Cales foron a primeira e última poboación en recuperar o servizo eléctrico após do apagón?
2. Cal foi a velocidade media de recuperación do servizo?
3. Ten a Xunta cuantificadas as perdas por este acontecemento?
4. Que servizos críticos se viron afectados, e como responderon?
5. Cal foi a incidencia nos servizos hospitalarios?
6. Os pacientes con servizo esencial correron algún risco?
7. Ten a Xunta estudado como garantir o servizo eléctrico aos equipos de hospitalización a domicilio?
8. Ten a Xunta un plan de continxencia para estes casos?

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2025

Asdo.: **Xosé Manuel Golpe Acuña**
Brais Ruanova Vilas-Boas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Carmela González Iglesias

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 05/05/2025 10:35:46

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 05/05/2025 10:36:54

Carmela González Iglesias na data 05/05/2025 10:37:23

Ramón Fernández Alfonso na data 05/05/2025 10:37:25

Daniel Pérez López na data 05/05/2025 10:37:52

Ana Pontón Mondelo na data 05/05/2025 10:37:54



Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Alberto Pazos Couñago, Julio García Comesaña, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, Felisa Rodríguez Carrera, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo, 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

O pasado 28 de abril produciuse en España unha interrupción xeneralizada do subministro eléctrico sen precedentes na historia recente do noso país que se prolongou durante varias horas.

Ás consecuencias obvias, o colapso das telecomunicacións e do sistema de transporte e o desconcerto total da poboación, haberá que sumarlle o coste económico derivado desta situación inédita que aínda por cuantificar.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración fai o Goberno galego da resposta do sistema de emerxencia de Galicia ante a situación inédita vivida en España pola caída xeralizada do subministro eléctrico o pasado 28 de abril?

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2025

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 05/05/2025 17:30:35

Alberto Pazos Couñago na data 05/05/2025 17:30:49

Julio García Comesaña na data 05/05/2025 17:31:02

Argimiro Marnotes Fernández na data 05/05/2025 17:31:18



Paula Mouzo Mas na data 05/05/2025 17:31:33

María Felisa Rodriguez Carrera na data 05/05/2025 17:31:52

Roberto Rodríguez Martínez na data 05/05/2025 17:32:03

Katherinie Varela Fernández na data 05/05/2025 17:32:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Carmela González Iglesias e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre as axudas concedidas pola Xunta de Galiza para a creación de apartamentos turísticos no centro de Vigo cando existe un grave problema de acceso á vivenda habitual.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 5 de agosto o Consello da Xunta informaba de que outorgaba unha subvención a Fyneko Real Estate Investment Trust S.L. para a rehabilitación dun edificio no paseo de Alfonso XII, no concello de Vigo, para a posta en marcha de apartamentos turísticos. En concreto a subvención servirá para financiar máis dun terzo do investimento previsto.

A través desta liña de axudas, ademais desta empresa, tamén recibirán fondos públicos outras dúas distintas para montar establecementos hoteleiros e de restauración no Mosteiro de Oia e no faro de Cabo Silleiro. O montante total subvencionado a estas 3 empresas para financiar os seus negocios ascende aos 5,3M€, o cal supuxo un ampliación de crédito de 1,3M€ respecto do crédito inicial previsto para a subvención.

No caso dos apartamentos turísticos de Vigo, a empresa que recibirá a subvención trátase dun negocio orientado á xestión e colocación no mercado de bens inmobles, principalmente comerciais e industriais por todo o territorio estatal. A propia empresa indica que a súa filosofía de funcionamento está baseada nos REIT (Real Estate Investment Trust) estadounidenses que teñen como obxectivo promover a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

financiarización e especulación a través de bens inmobles. Un modelo que foi replicado no contexto español baixo o paraugas das socimis, sociedades de investimento que contan cunha serie de privilexios fiscais, e que dende o 2009 promoveron a obtención de grandes beneficios nos investimentos a través do aluguer, xa sexa de oficinas, vivendas ou incluso de vivenda social.

Con este modelo como referencia, a empresa Fyneko ofrece a inversores, tanto locais comerciais, naves industriais e oficinas, coma *“vivendas de primeira calidade en ubicacións preferentes a prezos altamente competetivos”*. Semella agora que a empresa abre a súa oferta a inversores ao mercado dos apartamentos turísticos.

Esta operación inmobiliaria será subvencionada con máis de 699.000€ de fondos públicos, cos que a empresa prevé lograr, a través da rehabilitación dun inmovble, unha vivenda na planta baixa, 3 apartamentos no primeiro andar, outros 3 no segundo, un dúplex e 2 estudos na planta terceira e outro dúplex no baixo cuberta, ao que hai que sumar unha serie de dependencias comúns na planta baixa. En total a empresa contará con 11 apartamentos que polo seu enclave estratéxico servirán para obter grandes beneficios económicos.

Resulta inxustificable que unha empresa desta características, que se dedica ao investimento e especulación con activos inmobiliarios, reciba fondos públicos para financiar as súas operacións de investimento. Cómpre ademais salientar que pola situación de centralidade do inmovble é unha zona na que existe unha alta demanda de vivenda habitual e de presión turística.

Na nota de prensa emitida polo goberno galego trátase de maquillar a operación, alegando que o proxecto vai impulsar a economía local grazas a que esta empresa de investimento vai facer negociacións con restaurantes, bares, empresas de catering locais e empresas de turismo activo. Pero non fica claro en ningún momento en que consiste





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

esa negociación, nin cal vai ser a súa repercusión económica, nin o seu impacto social positivo.

Para alén de todo isto, e por se fóra pouco, esta inxección de fondos públicos a esta empresa sucede en paralelo a unha crise de acceso á vivenda permanente e habitual, que deriva en parte do problema do incremento dos pisos turísticos. Nos últimos anos Vigo converteuse na localidade co maior número de vivendas turísticas rexistradas con 1.798 VUT en xuño de 2024. Isto supón un aumento do 160% tan só nos 2 últimos anos. Ao mesmo tempo que se incrementan os pisos turísticos e que descende a oferta de vivenda habitual, o prezo medio do aluguer en Vigo non parou se subir de forma desmedida: en xuño de 2024 xa está situado nos 626,6€ mensuais, cando hai apenas 5 anos era de 495,4€.

Por tanto a subvención recibida é cuestionable tanto do punto de vista do turístico, urbano e do acceso á vivenda. Esta operación só vai redundar na progresiva turistificación do centro histórico, no incremento de prezos da vivenda habitual e en grandes beneficios para quen especula con activos inmobiliarios.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Considera a Xunta de Galiza necesario subvencionar a creación de apartamentos turísticos no centro de Vigo cando existe un grave problema de acceso á vivenda habitual?
- Cal é o beneficio social da financiación con cartos públicos desta operación?
- Que impacto vai ter para o mercado da vivenda habitual en Vigo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Considera a Xunta de Galiza necesario financiar operacións de especulación inmobiliaria en Vigo?
- En que consisten esas negociacións coas empresas locais?
- Cal vai ser o beneficio social e económico que se comprometen a xerar na cidade?
- Cales son os compromisos que asume a empresa logo de recibir esta subvención pública?
- Canto tempo deberá a empresa destinarse a unha actividade turística?

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2025

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Brais Ruanova Vilas-Boas

Carmela González Iglesias

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 25/04/2025 10:40:40

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 25/04/2025 10:40:53

Carmela González Iglesias na data 25/04/2025 10:41:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Xosé Manuel Golpe Acuña, Paulo Ríos Santomé e Cristina Fernández Davila deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o transporte no ensino postobrigatorio.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As persoas dos concellos de Moeche, San Sadurniño e dalgunha parroquia do concello de Narón limítrofe con San Sadurniño que queren cursar estudos non obrigatorios atopan unha barreira case infranqueábel, o transporte até os centros de ensino escollidos, que en boa medida é o IES Fernando Esquío do concello de Neda por ser o seu centro de referencia para determinadas especialidades de bacharelato, mais tamén poden selo diferentes centros de bacharelato ou de FP dos concellos de Ferrol e Narón.

O xa deficitario e problemático sistema de transporte público por estrada xestionado pola Xunta de Galiza tórnase case inexistente en determinadas zonas do rural da comarca de Ferrol, tendo un impacto moi negativo e moi sensible especialmente para as persoas que queren realizar algún curso en etapas non obrigatorias.

Esta problemática ten sido trasladada a Xunta por parte de representantes municipais destes 3 Concellos en varias reunións nas que basicamente a Xunta de Galiza bota balóns fora e recomenda aos concellos afectados asumir o custe de activar algún servizo de transporte especial para estas persoas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Un exemplo práctico de como o goberno galego do Partido Popular descarga as súas propias competencias en calquera que se atreva a solicitar a prestación ou mellora dun servizo público, por máis que este sexa da súa exclusiva competencia. Neste caso estamos a falar do transporte por estrada, competencia da Xunta, nun ámbito, o do ensino, tamén competencia da Xunta.

A negativa da Xunta a variar as liñas regulares de Burela-Ferrol e Vilalba-Ferrol, a mellorar o transporte escolar existente para alumnado da ESO dun xeito que poida recoller tamén a este outro alumnado das etapas non obrigatorias, ou a xa histórica negativa da Xunta a reclamar e activar o transporte ferroviario de proximidade, que si daría solución a estes territorios, deriva en que a poucos días de comezar o cursos nos diferentes centros a problemática segue sen se amañar.

Unha problemática que pode estar afectando a unha gran cantidade de persoas tendo en conta que no CPI de San Sadurniño, que é o centro de referencia para este territorio mencionado, se gradúan unhas 30 persoas todos os anos que se atopan co problema do transporte para continuar os seus estudos polo simple feito de vivir no rural, unha auténtica discriminación marca Partido Popular.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

1. Ten coñecemento a Xunta de Galiza da carencia de transporte público que conecte os concellos de Moeche e San Sadurniño e máis a parroquia de Doso, cos centros de ensino da comarca?
2. Por que a Xunta de Galiza desatende as demandas destes concellos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Por que a Xunta de Galiza desatende as súas competencias en materia de transporte e de ensino para cos veciños e veciñas desta zona rural da comarca de Ferrol?

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2025

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Xosé Manuel Golpe Acuña

Paulo Ríos Santomé

Cristina Fernández Davila

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 25/04/2025 11:13:57

José Manuel Golpe Acuña na data 25/04/2025 11:14:08

Paulo Ríos Santomé na data 25/04/2025 11:14:15

Cristina Fernández Davila na data 25/04/2025 11:14:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luís Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Oscar Insua Lema, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa ao incremento do canon de xestión de residuos que aplica a Xunta a concellos adheridos a SOGAMA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta aprobou no pasado mes de xullo, de maneira unilateral e sen debate social e diálogo cos concellos, unha suba do 30% do canon de SOGAMA. Esta decisión unilateral e abusiva conta cun rexeitamento maioritario das entidades locais galegas, de todas as cores políticas.

Aínda que o goberno galego elaborou un relato para xustificar este taxazo atribuíndo as causas a factores externos (fundamentalmente a decisións do goberno central), a realidade é que o desfase nas contas de SOGAMA ten que ver co fracaso do sistema de xestión de residuos maioritario en Galiza e con unha estratexia expansiva de ampliación de SOGAMA con grandes contratos que incrementaron de maneira exponencial os gastos da sociedade.

Podemos dicir, polo tanto, que a Xunta quere que os concellos paguen a factura da súa mala xestión e de decisións erradas en materia de residuos. E malia que Galiza incumpre os obxectivos fixados pola normativa europea, estatal e galega en relación coa recollida separada, reutilización e reciclaxe de residuos, o goberno galego comete o erro de eliminar os poucos incentivos que había en favor deses obxectivos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra parte estamos nun momento de grandes cambios normativos e no modelo de xestión de residuos, polo que este tema debería ser obxecto dun grande debate e de acordos políticos e institucionais. Fronte a esta necesidade de acordos, o goberno do PP aposta polos feitos consumados e as decisións unilaterais que blindan decisións do pasado sen ningún tipo de análise e autocrítica. O proceso seguido para a aprobación do Plan de Xestión dos Residuos Municipais de Galiza é un bo exemplo da falta de diálogo e da unilateralidade.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Ten previsto a Xunta revisar a decisión de subir abusivamente o canon de SOGAMA logo do rexeitamento maioritario desta medida por parte dos concellos afectados?

Ten previsto a Xunta abrir un proceso de diálogo institucional e debate social en relación cos cambios necesarios dos sistemas de xestión de residuos que permita situar o noso país entre os máis avanzados en materia de recollida selectiva, reutilización e reciclaxe?

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Luís Bará Torres
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Oscar Insua Lema
Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 25/04/2025 11:19:23

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 25/04/2025 11:19:33

Óscar Insua Lema na data 25/04/2025 11:19:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, Mercedes Queixas Zas e Paulo Ríos Santomé, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o servizo de transporte metropolitano por autobús na comarca da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza modificou, o pasado 22 de xuño, as liñas de autobús que comunican o concello da Coruña cos de Sada e Oleiros. Esta reorganización, e as súas posteriores modificacións, están a pór de manifesto os serios problemas deste servizo de transporte público por autobús na comarca da Coruña.

Por unha banda, nas sucesivas reorganizacións o Goberno Galego afirma que adaptou o servizo á realidade e ás necesidades das persoas usuarias, aínda que as queixas das usuarias e dos dous concellos afectados non fan máis que insistir en que non só non é así, senón que o servizo é peor que antes do día 22 de xuño. A cantidade de servizos directos nas liñas que comunican Sada e A Coruña a través de Lorbé continúa a ser inferior ao 22 de xuño, ademais dos tempos entre autobuses, que chegan a ser de 3 horas e media polas mañás durante a semana, sen ningún tipo de conexión pola estrada da costa, deixando o servizo nunha situación grave de precariedade, perdendo totalmente a utilidade.

A introdución dunha conexión por medio das denominadas “lanzadeiras” supón un serio problema, tanto polas demoras que supón (dun tempo mínimo de media hora entre un autobús e outro) como para as persoas con mobilidade reducida. Este





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

transbordo lévase a cabo nunha zona non prevista nin preparada para tal fin, onde as persoas usuarias deben atravesar a pé a estrada e non dispoñen de ningún servizo nin pasos de peóns para facer estes cruces na urbanización da Valexa, supoñendo ademais molestias para os veciños e veciñas da zona.

Ademais, o cómputo total de conexións entre Sada, Oleiros e A Coruña segue a ser inferior ao que existía o 22 de xuño, tal e como indican as persoas usuarias e os concellos de Sada e Oleiros. Deste xeito, non podemos falar en ningún caso de melloras do servizo.

Nas últimas semanas, ademais, os usuarios e usuarias do autobús de toda a comarca están a facer públicas queixas de todo tipo en relación con irregularidades de frecuencias, horarios e mesmo da saturación do propio servizo, xa que son moitas as ocasións nas que os condutores e condutoras deixan persoas fóra do autobús, sen información de ningún tipo. Os usuarios e usuarias deben poder coñecer as modificacións do servizo en tempo e forma, e estes servizos deben estar adaptados aos horarios de máis uso.

En canto á información sobre o servizo, a que existe está totalmente anticuada e practicamente é inexistente. O goberno galego debería obrigar as empresas concesionarias a dispor dun servizo de información adaptado ás posibilidades tecnolóxicas actuais, introducindo, de xeito progresivo e realista, paneis informativos sobre horarios (que permita coñecer se se produce algún atraso) e aplicacións para telefonía móbil que faciliten tamén información actualizada.

Ademais, en moitas ocasións, os traxectos resultan perigosos pola gran cantidade de persoas que deben viaxar de pé varios quilómetros, en autobuses máis axeitados para traxectos urbanos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O comezo do curso escolar e as obras na Avenida de Afonso Molina, na Coruña, non farán máis ca dificultar o tránsito e, polo tanto, o transporte, polo que urxe levar a cabo unha reestruturación seria e respectuosa coas necesidades reais do servizo (e non das empresas concesionarias).

Ademais das incidencias detectadas nas liñas que comunican Sada e Oleiros coa Coruña, indicamos algúns exemplos de asuntos urxentes que deterioran a calidade do servizo do transporte metropolitano na Comarca da Coruña que deben ser revisados:

- a comunicación entre o concello de Carral e o da Coruña fana dúas compañías diferentes, mais os horarios non están coordinados, polo que os tempos dos servizos non resultan útiles para as persoas usuarias.

- neste mesmo concello de Carral, carecen de servizos suficientes durante a fin de semana.

- os horarios dos primeiros e dos últimos autobuses do día son insuficientes para atender a demanda dos usuarios e usuarias.

- non se aumentan os horarios e frecuencias das liñas máis utilizadas, polo que moitos usuarios e usuarias fican nas paradas, cos autobuses ateigados. Isto prodúcese principalmente en horas punta, polo que parece fácil prever o problema e establecer unha solución.

- a anterior é unha das queixas máis habituais das persoas usuarias, ademais da falta de información e de continuidade nos horarios, que dificulta que este transporte poida ser utilizado de xeito rutineiro polos usuarios e usuarias.

- en zonas bastante poboadas de Oleiros, como nas inmediacións da urbanización dos Regos, as frecuencias son insuficientes para cubrir a demanda.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O goberno galego debería velar pola utilidade do transporte público, tanto pola mellora da mobilidade nunha das comarcas máis poboadas do país, e con serios problemas de desprazamentos entre a cidade da Coruña e o resto de localidades, nomeadamente por motivos laborais e formativos, como pola obvia cuestión ambiental. O número actual de desprazamentos en vehículo privado non deixa de aumentar, e un servizo público de transporte que resulta claramente deficiente non cumpre co seu deber de desincentivar a utilización do vehículo particular, para o que tamén cómpre ter en conta os horarios e espazos de lecer, tanto puntuais como habituais.

Ademais das melloras urxentes no servizo de transporte por autobús, sería preciso estudar outras posíbeis solucións para a saturada mobilidade da comarca da Coruña, como o transporte marítimo na ría ou o ferroviario. Na resposta do goberno galego á pregunta con resposta escrita número 888, con número de rexistro 6352, indica “a comarca adoece duns servizos ferroviarios deficientes nas conexións da Coruña con Ferrol e Lugo, que impiden que o tren poida ser unha alternativa de mobilidade real na área da Coruña. A Xunta de Galicia reclama que o Goberno central, no ámbito das súas competencias, asuma o compromiso e concrete unha planificación para establecer servizos ferroviarios axeitados ás necesidades dos usuarios”, polo que sería preciso concretar de que xeito vai encamiñar esa reclamación a Xunta de Galiza ao Goberno central.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Cales son as medidas previstas polo goberno galego para incentivar o uso do transporte público?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- O goberno galego vai asumir a súa responsabilidade no referente ao transporte público metropolitano na área da Coruña, poñéndose do lado das persoas usuarias e non da empresa concesionaria?
- O goberno galego vai cancelar os cambios que entraron en vigor o 22 de xuño, que reducen as frecuencias de varias liñas nos concellos de Oleiros e Sada e limitan a súa utilidade?
- O goberno galego vai corrixir as moitas eivas de liñas, horarios, frecuencias e información do transporte público metropolitano na área da Coruña?
- Nestas necesarias correccións dos servizos, o goberno galego vai ter en conta tamén os espazos e horarios de lecer?
- O goberno galego vai iniciar os traballos necesarios para estudar a posibilidade de incentivar a implantación do transporte marítimo na Ría do Burgo, concretamente entre os concellos da Coruña e Oleiros?
- O goberno galego vai demandar ao goberno central a competencia no ámbito do transporte ferroviario de proximidade?

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2025

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 25/04/2025 11:22:46

Mercedes Queixas Zas na data 25/04/2025 11:22:55

Paulo Ríos Santomé na data 25/04/2025 11:23:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Montserrat Valcárcel Armesto e Luis Bará Torres, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a falla de compromiso por parte do IGVS no emprego de madeira estrutural”.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No debate do estado da nación de 2023, o presidente da Xunta anunciaba que os edificio que constrúese a Administración autonómica empregarían unha porcentaxe mínima de madeira. Unhas declaracións baleiras que o grupo popular non quixo materializaron en ningún compromiso concreto.

Precisamente no marco dese debate dende o Bloque Nacionalista Galego trasladamos unha proposta que pretendía transformar as boas palabras en feitos concretos. En concreto o texto proposto era o seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta a comprometerse coa construción estrutural en madeira en canda menos o 20% das novas licitacións públicas e a incluír criterios de sustentabilidade e de redución da pegada de carbono das construcións nos pregos de contratación. Así mesmo comprométese a impulsar unha rede que conecte axentes do sector e promova o intercambio de coñecemento, e a avanzar unha normativa que dea cobertura ao uso da madeira estrutural. Igualmente, no ámbito arquitectónico, impulsará un Plan de investigación e innovación da Vindeira Arquitectura Galega en colaboración coa universidade e o COAG que teña, entre





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

outros obxectivos, a innovación de solucións construtivas en madeira, a dixitalización e a industrialización dos procesos construtivos."

Porén o PP rexeitou esta proposta e aprobou, coa abstención do noso grupo, a seguinte resolución: *"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a fomentar a construción estrutural en madeira -nunha porcentaxe mínima - en edificacións impulsadas polo goberno galego."*

Resulta evidente que as declaracións do presidente do goberno non contiñan un compromiso serio co sector monte industria, quen nesas datas e no contexto do foro Piñeiros, reiteraban a súa demanda á Xunta dunha esixencia mínima dun 20% de madeira nas licitacións públicas.

Posteriormente foi aprobada por unanimidade no Parlamento Galego unha iniciativa do grupo popular coa seguinte parte resolutiva: *"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a impulsar unha guía que recolla a obrigatoriedade da construción de edificios do Goberno galego incluíndo a madeira para usos estruturais cando menos nun 20% das novas licitacións públicas"*. Unha iniciativa que vai no bo camiño, pero que sigue adocendo da falla de mecanismos concretos para facer con que se cumpran esas porcentaxes mínimas.

O pasado novembro dende XERA publicouse a *Guía para o fomento da madeira na contratación pública de edificacións sostibles*. Esta guía analiza, primeiro, o desenvolvemento normativo noutros países e establece unha serie de consellos sobre a súa aplicación na contratación pública. Porén novamente esta iniciativa non pasa de ser unha mera recomendación, que parece nin ter transcendencia na propia Xunta de Galiza.

Nos últimos meses veñen licitándose diversas promocións de vivenda pública dende o IGVS sen que pareza que se estean a ter en conta nin os anuncios de Rueda, nin as guías publicadas. Para alén disto, o IGVS tamén ten capacidade de influír sobre o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sector privado a través do establecemento de criterios para a promoción do uso da madeira na vivenda de protección autonómica.

Por todo isto, dende o Bloque Nacionalista Galego volvemos a insistir na necesidade dun compromiso real que pase por regular as esixencias mínimas de presenza de madeira. Ademais para o desenvolvemento dunha cultura da construción en madeira a Xunta ten a capacidade de apoiar unha maior investigación e difusión da mesma.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Cantas das vivendas de promoción pública licitadas no ano 2023 polo IGVS incorporan un compromiso do uso dun 20% en madeira estrutural?
- Cantas das vivendas de promoción pública licitadas no ano 2024 polo IGVS incorporan un compromiso do uso dun 20% en madeira estrutural?
- Cantas das vivendas de protección autonómica de promoción privada iniciadas durante o último ano cumpren co uso dun 20% en madeira estrutural?
- Que medidas puxo en marcha o IGVS para a promoción do uso da madeira estrutural no último ano?
- Que criterios de sustentabilidade e de redución da pegada de carbono das construcións ten implementado o IGVS nos seus pregos de contratación?
- Que medidas puxo en marcha o IGVS para promover o uso de materias locais nas súas promocións?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que cambios e iniciativas concretas asumiu o IGVS logo da publicación da Guía para o fomento da madeira na contratación pública de edificacións sostible?

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2025

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Montserrat Valcárcel Armesto

Luis Bará Torres

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 25/04/2025 11:25:59

Montserrat Valcárcel Armesto na data 25/04/2025 11:26:11

Luis Bará Torres na data 25/04/2025 11:26:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a necesidade de relanzar a Lei de arquitectura de Galiza abrindo un proceso participativo que solvente as eivas do anteproxecto paralizado.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ao longo da anterior lexislatura a Xunta anunciou en numerosas ocasións que aprobaría durante a mesma unha Lei de Arquitectura de Galiza. Pero a realidade é que abriu prazo de consulta en decembro de 2020 e dende entón o goberno foi incapaz ou non tivo a vontade de aprobala. A pesar de que aseguraron que estaría lista no 2021, estamos no 2024 e a citada lei continúa metida nun caixón.

Dende o Bloque Nacionalista Galego entendemos que esta lei podería ser unha oportunidade para mellorar a profesión e para garantir o dereito a unha arquitectura e a un entorno construído de calidade. Porén o anteproxecto presentado non apunta neste sentido e ten eivas de raíz que deberan ser subsanadas, entre as que destacan a falla de participación para a elaboración da lei, a indefinición nas medidas e compromisos concretos que derivarían da lei e unha evidente falla de perspectiva social.

En xeral este é un texto que adoece de indefinición e que foi concibido máis como unha exposición de motivos do que un texto con vontade de intervir e regular. Hai pouca concreción práctica e os seus artigos poden converterse apenas en suxestións sen ningún percorrido.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como exemplo da falla de concreción, pódese comprobar como o anteproxecto de lei presentado xira ao redor do concepto de calidade da arquitectura, pero que esta é unha noción que non se acaba de definir no texto, que resulta abstracta e que remata por reincidir no marco maniqueo da actual Xunta ao redor do Feísmo Vs Fermosismo. Un marco que carga a responsabilidade da paisaxe construída sobre a autopromoción, pero que exime de responsabilidade ás administracións públicas na súa tarefa de planificación e ordenación territorial e das súas propias actuacións. Este marco conceptual non se corresponde co que dende os foros académicos e profesionais se vén sostendo. Con seguridade, se a Xunta de Galiza tivera realizado un proceso de escoita e participación aberta para a elaboración deste proxecto, tería percibido que é unha reflexión compartida e estendida nestes foros, que unha estratexia de ordenación territorial sería, non pode reducirse a un debate sobre o gusto ou o visual.

Esta lei debера ser unha oportunidade para concretar a convicción da arquitectura e o urbanismo como dereito. Porque non se trata só de difundir máis a arquitectura, senón tamén do dereito a habitar espazos construídos significativos. A profundización nestes dereitos esixe de reforzar os recursos públicos que teñan como obxecto a calidade urbanística e arquitectónica, comezando por reverter o proceso de externalización de funcións de planificación e proxectos da propia Xunta. Tamén mellorado o fomento da investigación arquitectónica e urbana con máis recursos e mediante a articulación dunha rede sociocultural. Unha lei de arquitectura contemporánea e útil ten que ser máis do que unha posta en valor de obras seleccionadas e establecer ferramentas e medios que permitan a reflexión e a busca de respostas aos tempos actuais e os seus principais retos.

Tamén é criticable a falla de referencias á realidade construída en Galiza. O anteproxecto de lei falla na definición e concreción da singularidade do territorio e da arquitectura galega. Aquí referímonos tanto á arquitectura tradicional como tamén ao desenvolvemento urbano singular, ás formas de desenvolvemento da ocupación,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

infraestrutural ou de usos propias do noso país. En xeral falla o diagnóstico da Galiza contemporánea e da súa sociedade actual.

Unha lei de arquitectura non pode esquecer a quen traballa para facela posible e os seus dereitos. O texto podería marcar un rumbo sobre a necesidade de mellora das condicións laborais, de remuneracións xusta ou do recoñecemento da autoría que vive a profesión tras un proceso de degradación das condicións, especialmente logo da crise de 2008.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- En que situación se atopa o Anteproxecto de Lei de arquitectura de Galiza?
- Que previsións ten o goberno respecto da súa tramitación?
- Cales son os motivos polos que foi paralizada a súa tramitación?
- Vai a Xunta de Galiza relanzar a Lei de arquitectura de Galiza abrindo un proceso participativo que busque resolver as eivas do anteproxecto paralizado?
- Vai a Xunta resolver as eivas de participación?
- Vai abrir un proceso participativo co tecido profesional e cultural para corrixir o texto?
- Considera a Xunta de Galiza que sexa necesario dotar á lei de maior concreción?
- Vai corrixir a falla de perspectiva social?
- Vai mellorar o fomento da investigación?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2025

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 25/04/2025 11:38:07

Luis Bará Torres na data 25/04/2025 11:38:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o desenvolvemento e xestión do *Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio*.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Paloma Castro Rey na data 25/04/2025 13:56:11

Carlos López Font na data 25/04/2025 13:56:28

CSV: BOPGDSPG-98e691JXy-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

82496

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Daniel Castro García, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a urxencia de a Xunta comprometerse co fortalecemento da industria cultural do libro galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na Gala das Letras celebrada o pasado 26 de abril volveu ficar evidenciada a incomunicación do goberno do Partido Popular co sector do libro galego. Neste sentido, non pasou desapercibida a ausencia na mesma do Conselleiro de Cultura no que é o evento literario do ano en Galiza, organizado pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, a Asociación Galega de Editoras e a Federación de Librarías de Galicia.

A entrega dos Premios Follas Novas, que celebraban o mellor da literatura galega do pasado ano 2024, puxo de manifesto, en diferentes intervencións dos presentes, a falta de compromiso co libro e coa literatura en galego, como proxección dunha política lingüística regresiva e lesiva para o futuro da nosa lingua que o PP aplica desde o propio ámbito educativo desde a súa volta ao goberno da Xunta en 2009.

Desde o atril os representantes das asociacións profesionais organizadoras volveron demandar un cambio de rumbo na política do PP para este sector, unha vez coñecidos os datos de as vendas do libro en galego estaren nos índices máis baixos: apenas 8 de cada 100 libros que se venden en librarías están escritos en lingua galega.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O libro en galego é un dos piares en que se asenta o camiño da normalización lingüística, por iso, en consonancia co proxecto desgaleguizador aplicado pola Xunta desde o ensino infantil, este arruinou o proxecto de edición educativa.

O goberno do PP viroulle as costas á industria do libro galego nun desamparo institucional sen precedentes, mais desde o sector seguen a demandar accións e achegar propostas que a Xunta debe comezar a escoitar, unha vez que o Consello Asesor do Libro leva anos sen se convocar após o abandono de boa parte dos seus membros en 2022 ao impedir a Xunta que este organismo de diálogo e participación sectorial cumprise os seus fins, incumprindo o mandato da Lei do libro e da lectura.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª:

Que accións vai impulsar o goberno para recuperar o diálogo co sector do libro galego e comprometerse co fortalecemento dunha industria cultural tan recoñecida e prestixiada?

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2025

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 28/04/2025 10:02:08

Daniel Castro García na data 28/04/2025 10:11:20





Á MESA DO PARLAMENTO

Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Catro meses despois de iniciado un proceso de “desburocratización”, por parte da Consellería de Política Social e Igualdade, Galicia contabilizaba, ao peche do mes de marzo, un total de 2.812 persoas na lista de espera para a valoración da dependencia. A demora media é de 393 días, a cuarta máis alta de todas as comunidades. A superan Andalucía (587), Canarias (549) e Murcia (543).

Os datos foron publicados polo Ministerio de Derechos Sociales, Consumo y Agenda 2030, a través do Imsero. E neste contexto, a Consellería de Política Social e Igualdade reivindica que no 2025 activouse en Galicia un plan de choque que logrou resolver máis de 32.000 solicitudes antes de finalizar o primeiro cuadrimestre. Aínda que din que este incremento “*polo momento non se aprecia*” nas cifras do Imsero.

Con este escenario, e coa chea de propostas que de cando en vez fan desde a Xunta de Galicia, a situación non amosa ningunha perspectiva de mellora. E mesmo danse cada vez máis situacións de emerxencia que nin sequera vese capaz de solventar a Consellería nun tempo razoable.

Con estas eivas, o presidente da Xunta, Alfonso Rueda, permitiuse facer unha conmemoración do seu primeiro ano de vitoria reunindo a cidadáns que foron beneficiarios dalgún dereito. E que subiron ao estrado do evento chamado “Estilo Galicia”, a dalas gracias polos dereitos recibidos.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2025 13:34:12
Nº Rexistro: 24625
Data envío: 28/04/2025 13:34:12.503

Dada esta situación de empeoramento nos tempos de espera e da concesión dos dereitos á Lei de dependencia en Galicia, así como o abandono a diferentes aspectos do terceiro sector, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Cal foi o custo do evento de celebración do seu aniversario como presidente da Xunta de Galicia que promoveu Alfonso Rueda, mentres aumentaban as persoas dependentes que esperan unha resolución da súa situación de espera?

Santiago de Compostela, a 25 de abril do 2025

Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 28/04/2025 13:31:43

Elena Espinosa Mangana na data 28/04/2025 13:31:53

CSV: BOPGDSPG-98e691JXy-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

82501

@PSdeG



Á Mesa do Parlamento

Argimiro Marnotes Fernández, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, Nicole Grueira Fernández, Víctor Baladrón Lamas, Dolores Hermelo Piñeiro, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa **resposta oral na Comisión 5ª Sanidade, Política Social e Emprego**.

No Carballiño, logo de varios anos nos que o Concello non foi capaz de poñer unha parcela a disposición para a construción dun novo centro de saúde, acudiuse como única solución a propia Xunta de Galicia para que se poida realizar esta imprescindible infraestrutura, nunha parcela na que, na actualidade está localizada a Estación de Autobuses.

Para elo, A Xunta de Galicia asinou un convenio Xunta-Concello, o 12 de xullo do 2023 para incorporar a este Centro de Saúde ao Plan de Infraestruturas Sanitarias de atención Primaria, sendo a proposta máis acaída xa que acercaría máis o servizo ao casco urbano de Carballiño.

Posteriormente tramitouse por parte do Concello, unha modificación urbanística da parcela para que teña facilitar a edificabilidade e que poida dar cabida a todo os servizos sanitarios que se prevén para o novo centro de saúde que se aprobou en xaneiro do 2025.

E unha constante preocupación da veciñanza do Carballiño, que este proxecto poida ser unha realidade, e cumpre darlle contestación a esta inquietude. No proxecto de Orzamentos da Xunta de Galicia, a Consellería deixaba aberta a porta a novas inversións naqueles Concellos que avancen axeitadamente, na posta a disposición dos terreos necesarios.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

Cal é a estimación que ten a Consellería de sanidade para que O Carballiño conte co tan necesario novo Centro de Saúde ?

Santiago de Compostela, 29 de abril 2025.



Asinado dixitalmente por:

Argimiro Marnotes Fernández na data 29/04/2025 13:43:07

María Encarnación Amigo Díaz na data 29/04/2025 13:43:35

Raquel Arias Rodríguez na data 29/04/2025 13:43:43

Noelia Pérez López na data 29/04/2025 13:43:54

Nicole Grueira Fernández na data 29/04/2025 13:44:11

Ethel Vázquez Mourelle na data 29/04/2025 13:44:20

Cecilia Vázquez Suárez na data 29/04/2025 13:44:41

Víctor Baladrón Lamas na data 29/04/2025 13:45:06

Dolores Hermelo Piñeiro na data 29/04/2025 13:45:19





Á MESA DO PARLAMENTO

María Carmen Rodríguez Dacosta, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

As conclusións dos investigadores do CSIC (Consello Superior de investigacións Científicas) de Santiago e Granada e da Universidade Complutense, sobre o encoro das Conchas sito no municipio de Lobeira en Ourense presentados ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG), alertan de que “hai entre 32.400 e 97.200 bacterias moi perigosas por cada mililitro de auga”.

Bacterias que permanecen na auga do encoro durante todo o ano, debido a que alí se dan as condicións óptimas para que proliferen.

Segundo estes informes científicos, a contaminación da conca do río Limia, cuxa auga vai parar ao encoro das Conchas e despois segue o seu curso cara a Portugal, non pode proceder da rede de sumidoiros urbana mal depurada senón que o orixe é orgánico.

Sinalan tamén que a biodiversidade do encoro está gravemente prexudicada, a causa da presenza de toxinas moi perigosas para a saúde e a biodiversidade”.

Expoñen que os análises revelan un numero anormalmente alto de bacterias, unhas “400 especies”, algunhas “moi perigosas” e mesmo “bacterias resistentes” a antibióticos.





A Confederación Hidrográfica Miño-Sil realizou controis exhaustivos e múltiples traballos de investigación, concluíron que a presenza de nutrientes que provoca contaminación no encoro das conchas é consecuencia do uso de fertilizantes e da xestión de xurros na comarca da Limia. E que para avanzar na solución da problemática detectada mediante Resolución do 9 de maio de 2022 a Dirección Xeral da Agua de MITECO incluíu o encoro das Conchas no mapa de afectados pola contaminación difusa.

O trámite anterior debería de continuar, de conformidade co establecido no artigo 4 do Real decreto 47/2022, no que o órgano competente da Comunidade Autónoma designe como zonas vulnerables todas as superficies coñecidas do seu territorio cuxa escorrentia fluía cara ás augas afectadas e que contribúan, aínda que sexa minimamente, á súa contaminación.

Aplicando códigos de boas prácticas agrarias e programas de actuación, con obxecto de previr e reducir a causada por os nitratos de orixe agrario. Esta xestión do Goberno autonómico galego está pendente dende o ano 2022

Ademais, do encoro despréndense bioaerosoles que se dispersan pola zona e conteñen microcistinas tóxicas, nitratos e nitritos o que se relaciona con tumores de esófago, estómago, páncreas, mama bacterias como a *lexionella* ou a *coxiella burnetti* e tamén bacterias resistentes.

Esta contaminación incide a maiores en que a veciñanza da zona afectada ten que soportar fortes cheiros e non poden utilizar a auga dos pozos, así como temen beber a auga da rede pública.

Os estudos presentados ante o TS alertan de que a incidencia de cancros na zona supera a taxa doutras comarcas sobre todo en mulleres. Un grave problema de saúde pública que preocupa a este grupo parlamentario.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2025 18:05:22
Nº Rexistro: 24661
Data envío: 29/04/2025 18:05:22.968

A situación descrita é unha cuestión de saúde pública e por iso, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Que medidas pensa adoptar o Goberno galego, ante a presenza de toxinas moi perigosas para a saúde no encoro das Conchas nas comarcas da Limia e a Baixa Limia?
2. Realizou o Goberno galego un estudo epidemiolóxico na comarca da Limia e a Baixa Limia para coñecer a posible relación entre a cantidade de nitratos presentes no encoro das Conchas e os distintos tipos de tumores que afectan aos habitantes da comarca da Limia e da Baixa Limia?
3. De ser positiva a anterior resposta, cales foron os resultados?
4. De ser negativa, vai o Goberno galego realizar o citado estudo de forma urxente?
5. Por que o Goberno galego dende o ano 2022 a resultados do RD 47/2022, non procedeu a declarar a Limia e a Baixa Limia como Zona Vulnerable?

Parlamento de Galicia, 29 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 29/04/2025 16:25:46

Elena Espinosa Mangana na data 29/04/2025 16:25:57

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

82506

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2025 18:05:22
Nº Rexistro: 24661
Data envío: 29/04/2025 18:05:22.968

Silvia Longueira Castro na data 29/04/2025 16:26:12

CSV: BOPGDSPG-98e691JXy-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

82507

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Iria Carreira Pazos, Montserrat Prado Cores e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa ao estado da área destinada a hospitalización no Edificio Cristal do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, ás queixas das persoas usuarias e ás actuacións urxentes que debe levar a cabo o goberno galego para paliar as deficiencias.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O deterioro das infraestruturas do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, singularmente do Edificio Cristal e do seu contínuum, o edificio do Hospital Materno-Infantil, está a ser obxecto constante de distintos problemas nos últimos anos e de queixas tanto por parte das e dos profesionais como das e dos usuarios, ao ter problemas recorrentes e ao chegar a unha situación de deterioro insostible.

Así, o pasado sábado 29 de marzo coñeciamos o terceiro derrube en menos de dous anos do Materno. Producíase un novo derrube na área de pediatría que, ao ter lugar en fin de semana, afortunadamente non tivo ningunha consecuencia persoal. Días despois, o 9 de abril, producíase novo rebentón de tubaxes.

Esta situación, lonxe de obedecer a problemas puntuais dunhas instalacións amplas e complexas, evidencian un deterioro moi avanzado que obedece a falta de investimento, falta de fiscalización e falta de mantemento. Un servizo, por certo, o de mantemento, que foi progresivamente privatizado e externalizado e froito de constantes





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

problemas laborais que tamén teñen sido denunciados tanto sindical e socialmente como no ámbito do Parlamento Galego.

É preciso lembrar que, malia ser o eixo Cristal-Materno un dos principais problemas de infraestrutura hospitalaria, a Xunta de Galiza negou reiteradamente a necesidade dun novo edificio e apostou en todas e cada unha das revisións que fixo do Plan Director, desde o ano 2001, pola reforma do Materno. Con todo, unha das cuestións previstas para mellorar a área sanitaria era a construción en paralelo a este edificio dun novo edificio de hospitalización, toda vez que o novo edificio rematado no ano 2017 non ten capacidade suficiente para toda a necesidade e que a día de hoxe hai aínda unha parte da hospitalización no Cristal. Este edificio tiña que estar rematado e operativo no ano 2025. Porén, as obras non só non están rematadas senón que levan máis de seis meses paralizadas sen explicación.

Recentemente coñeciamos novas queixas de usuarios e usuarias da área destinada a hospitalización no edificio Cristal, unha área na que se comparten aínda os baños para cada dúas habitacións, isto é, para cada catro doentes. Esta situación é de por si impropia dunha sanidade do século XXI, na que este tipo de situacións deberían ser excepcionais e só xustificadas en situacións de saturación, emerxencia ou calquera cuestión xustificada fóra da planificación ordinaria. Mais a cuestión é que, tal e como reflicten as imaxes dadas a coñecer, o deterioro das instalacións está xa nun punto que afecta á seguridade de doentes, familiares e profesionais e mesmo á hixiene polo avance da descomposición de materiais ou da oxidación.

Así, as familiares amosaron imaxes nas que se pode ver un retrete totalmente rodeado de óxido, portas e paredes desconchadas con falta de azulexos, roturas ou partes de madeira podrecidas, luces coa protección que separa da lámpada absolutamente rotas ou cristais rotos. A esta situación de deterioro súmase a limitación de espazo e mobiliario que sofren usuarias e persoal nunha área na que, ademais, hai





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que recordar que se sitúan doentes coronarios, doentes de medicina interna que nun alto grao teñen idade avanzada e pluripatoloxías e tamén doentes de paliativos na zona máis próxima.

Esta nova queixa coñecida a través dos medios de comunicación é testemuña do deterioro acelerado dos últimos anos e engádese a outras denuncias públicas que apareceron nos xornais locais e que poden ser facilmente localizables nos anos 2023, 2022 ou 2020 sen ir máis lonxe.

As queixas de persoal, doentes e familiares, sumado aos distintos incidentes de coñecemento público, son a punta do iceberg dunha situación insostible e sobre a que é necesario actuar en dúas direccións: transparencia respecto do estado real das instalacións e actuacións urxentes en dous sentidos: acelerar as infraestruturas en construción e actuar de forma inmediata para facer arranxos que garantan a seguridade industrial, laboral e das persoas que usan a infraestrutura e que permitan un uso máis seguro e cómodo mentres se localicen os servizos nestas partes do Hospital.

É necesario que por responsabilidade, e tamén por humanidade, a Xunta actúe de forma inmediata nunhas instalacións nas que, ademais, ducias de doentes e familiares pasan longas tempadas. Estamos a falar dun servizo de hospitalización e tratamento, de situacións delicadas que non adoitan ser unha cuestión puntual de horas, e polo tanto é precisa unha revisión acorde coas súas necesidades.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Que actuacións urxentes vai impulsar a Xunta de Galiza para garantir a dignidade e seguridade na zona de hospitalización do Edificio Cristal?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera o goberno galego que as instalacións do Cristal, singularmente as destinadas a hospitalización, cumpren cos estándares de seguridade laboral e industrial?

E cos estándares de humanidade, accesibilidade e comodidade mínimos esixibles a un servizo destas características?

E para garantir unhas instalacións adecuadas cuxa poboación albo supera as 300.000 persoas ao haber servizos que son para todas as comarcas ourensáns ao non prestarse nos hospitais comarcais?

Que fai a Xunta para o desbloqueo e a aceleración do edificio de hospitalización pendente? Cales foron as razóns da paralización?

Que papel van ter finalmente as distintas áreas e servizos do Cristal en relación ao desaloxo do materno?

Cal é a previsión temporal?

Coñece a Xunta de Galiza as queixas relacionadas? Porque non contesta en tempo e forma as reclamacións das e dos usuarios?

Que valoración fai dos servizos de mantemento? Considera un erro a súa externalización? Vai reforzar os recursos humanos deste servizo para atender estas demandas? Cales son as razóns?

Por que a Xunta non remite ao Parlamento Galego a totalidade de informes referidos á seguridade industrial e laboral de todos os edificios que compoñen o Complexo Hospitalario Universitario de Ourense así como todas as actas de inspección e de incidentes dos últimos 10 anos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2025

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 29/04/2025 12:18:29

Iria Carreira Pazos na data 29/04/2025 12:18:43

María Montserrat Prado Cores na data 29/04/2025 12:18:58

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 29/04/2025 12:19:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonso e Oscar Insua Lema, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, sobre os continuos erros e a falta de capacidade de xestión das convocatorias de subvencións polo IGAPE e a falta de calquera tipo de seguridade xurídica na actuación da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 13 de xaneiro o IGAPE anunciou a publicación dunha convocatoria conxunta de subvencións dirixidas ás empresas de Galiza. Na propia web da Xunta de Galiza e na presentación pública feita por María Jesús Lorenzana e a propia directora do IGAPE, Covadonga Toca, avanzaban a publicación conxunta de 15 liñas de axudas, en parte delas aproveitando os Fondos Europeos de Resilencia, transferidos pola propia Unión Europea e o Estado.

As 15 liñas de axudas subdividíanse en aspectos tan importantes como: financiación (110 millóns), competitividade (máis de 47 millóns), e innovación (máis de 15 millóns).

Todas estas convocatorias de axudas dirixidas ás empresas sacáronse en réxime de concorrência non competitiva, polo tanto, en estrita orde de entrada a través da sede electrónica da Xunta de Galiza. Isto lévanos a ter que destacar con respecto a este mecanismo que, en primeiro lugar e aparentemente, a intención do IGAPE é axilizar a súa tramitación pero a data de hoxe non se publicaron os resultados case 3 meses despois.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tamén que ao tratarse de proxectos de axudas dirixidas a ámbitos como a inversión en investimentos estratéxicos, innovación, financiación, aplicar este criterio atenta sobre os propios criterios na delegación de fondos da Unión Europea e a súa esixencia dunha correcta xustificación previa e a posteriori.

En terceiro lugar, demostra a incapacidade dos xestores e xestoras do IGAPE como responsables da xestión e avaliación de proxectos cun carácter estratéxico para Galiza e as súas empresas, e finalmente a fin de “modificar” a orde de presentación das axudas e axustala aos seus intereses, se se solicita algunha subsanación as empresas estas pasas a estar no último lugar da listaxe, polo tanto perdendo calquera posibilidade de obter as axudas.

A presentación conxunta destas axudas e neste formato, xa é indicativo do despropósito na xestión que está a realizar este organismo destas e outras axudas, pero ademais os feitos acentuaron a situación desacreditando ante as empresas ao propio IGAPE.

Na primeira data para presentar as axudas, publicadas no DOG, o sistema para presentarse as mesmas “colapsou” facendo inviable presentar calquera axuda. A resposta do IGAPE foi a través das súas redes sociais indicando que “houbo incidentes técnicos da nova plataforma tecnolóxica do IGAPE” e que publicarían una nova data para a presentación das axudas. Así mesmo, indicaron que anulaban todo o procedemento para garantir a seguridade xurídica dos procedementos.

O curioso desta situación é que non é nada novo nin ten que ver cunha suposta actualización informática por parte do IGAPE, senón que xa en diversas convocatorias anteriormente sucederon procesos similares e provocaron a indefensión xurídica das empresas. Por exemplo, en agosto de 2024, nunha subvención para a equipación de pemes e autónomos deuse a mesma situación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta forma de actuar é habitual por parte da Xunta de Galicia e o propio IGAPE, anualmente na convocatoria de subvencións para o financiamento do Programa Investigo, actúan da seguinte maneira:

As datas de publicación desta axuda e o criterio da mesma varia, co cal, só os “amigos” están ao tanto. Sendo un procedemento de financiamento de investigadores o criterio é a orde de presentación esgotándose os fondos nunhas horas. A posteriori, tardan en resolver algo que debería ser case inmediato, provocando que as empresas non poidan facer os investimentos ou non teñan unha mínima certeza da situación.

A situación actual chega ao esperpento xa que actualmente o IGAPE, está: - Solicitando a subsanación de determinadas solicitudes de axudas co obxecto que as mesmas pasen a ocupar a última posición, solicitando documentación que non estaba recollida no propio DOG.

Tampouco existe unha resolución das diferentes convocatorias, co cal están facendo inviable a inversión e investimentos que as empresas teñen que facer.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

- Vai a Xunta de Galiza dar explicacións sobre os continuos erros e falta de capacidade de xestión das convocatorias de subvencións polo IGAPE e a falta de calquera tipo de seguridade xurídica?
- Vai facer público a Xunta de Galiza o rexistro telemático onde conste a traza das solicitudes para cada unha das convocatorias de axudas do ano 2025, de cara a salvagardar a seguridade xurídica e a orde de presentación das mesmas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Vai dar a Xunta de Galiza unha explicación xurídica de porque se poden solicitar subsanacións de solicitudes con documentación e novos criterios non recollidos nas diferentes ordes de convocatorias das axudas?

- Está disposta a Xunta de Galiza a facer chegar a resolución das axudas para investimento, investigación e competitividade e evitar a parálise actual e a falta de axuda da administración pública para axudar ás empresas galegas?

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2025

Asdo.: **Daniel Castro García**

Ramón Fernández Alfonso

Oscar Insua Lema

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 30/04/2025 09:54:24

Ramón Fernández Alfonso na data 30/04/2025 09:56:17

Óscar Insua Lema na data 30/04/2025 09:56:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Suárez Fernández e Iria Carreira Pazos, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre os motivos polos que a Xunta aínda non sacou a convocatoria da Iniciativa Xove.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A denominada Iniciativa Xove, impulsada pola Xunta de Galiza é unha axuda económica que o goberno galego dá para a posta en marcha de iniciativas xuvenís. Para moitas asociacións xuvenís, esta achega económica é moi necesaria e facilita a realización de actividades destinadas á mocidade galega ou iniciativas xuvenís. Desde a Xunta asegúrase que “entenderanse por iniciativas xuvenís os proxectos liderados pola mocidade da Comunidade Autónoma de Galiza e nas que as persoas novas sexan as verdadeiras protagonistas, a través da participación activa na planificación e na realización das actividades deseñadas por elas mesmas”. Desde o Grupo Parlamentar do BNG consideramos que o goberno galego debe facer todo o posíbel por favorecer, facilitar e fortalecer o tecido asociativo xuvenil galego e este tipo de axudas pode ser un bo incentivo para as asociacións xuvenís que desempeñan un grande traballo para a mocidade galega.

É por iso que non comprendemos o feito de a Xunta non ter convocado a Iniciativa Xove ao longo do exercicio de 2024. Isto supuxo que ningunha asociación xuvenil puidese recibir unha achega económica moi importante para o desenvolvemento de actividades destinadas á mocidade. O que se revela aínda máis incomprensíbel é o feito de o Goberno galego non ter convocado a Iniciativa Xove no que vai de 2025.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nunha pasada sesión da Comisión 5ª do Parlamento galego decorrida o día 30 de xaneiro de 2025, este Grupo Parlamentar realizou unha pregunta á Directora Xeral de Xuventude, A señora Lara Meneses, a respecto da non activación do Consello Asesor e Consultivo da Xuventude de Galiza, outra ferramenta que consideramos moi útil e que a Xunta mantén desactivada. Nesa mesma comisión, a señora Meneses asegurou, referíndose á Iniciativa Xove, que era un programa que se “reactiva este ano con algunha que outra novidade”. Achegámonos a mediados do exercicio de 2025 e aínda non se sabe nada deste suposta reactivación e as asociacións xuvenís seguen á espera da convocatoria.

Descoñecemos os motivos polos que a Dirección Xeral de Xuventude segue sen convocar a Iniciativa Xove e esperamos poder ter unha resposta satisfactoria a esta cuestión de importancia para a mocidade galega.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Por que non convoca a Xunta de Galiza a Iniciativa Xove?
- Por que motivos non se convocou tampouco en 2024?
- Ten previsto o goberno galego eliminar definitivamente esta axuda?
- Que resposta dá a Xunta ás asociacións xuvenís cuxa actividade depende desta achega económica?
- É consciente o goberno galego do prexuízo causado a moitas asociacións xuvenís por este motivo?

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 30/04/2025 10:09:04

Iria Carreira Pazos na data 30/04/2025 10:12:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o soterramento parcial da avenida Otero Pedraio de Ourense para a integración do Campus Universitario na cidade de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O crecemento da cidade de Ourense, en moitos casos sen unha plena planificación global, provocou que na actualidade existan barrios separados do resto da cidade por importantes infraestruturas de comunicación.

Así, o trazado actual das vías de ferrocarril na cidade de Ourense supón unha separación entre, p.ex. os barrios da Ponte, As Lagoas, Barrocás... do resto da cidade. A desexable unión de tan importantes e populosos barrios e a súa definitiva integración co resto da cidade está pendente da execución dunha variante exterior, tantas veces negada polo Partido Popular, e da que, após máis de 30 anos, aínda fican pendentes de execución ou mesmo licitación os treitos máis importantes (conexión Seixalbo-Seixalbo; Seixalbo-túnel de Montealegre e túnel de Montealegre-estación) para que a integración do AVE na cidade sexa unha realidade.

Na mesma liña de integración e ordenación da cidade de Ourense, nas últimas décadas do século XX formulárase a necesidade do soterramento da avenida Otero Pedraio (estrada OU-536) para eliminar a división do propio Campus Universitario, con centros e servizos separados por uns dos principais redes viarias de entrada a Ourense, e tamén coa propia trama urbana da cidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como tantos outros proxectos e anuncios para Ourense, todo quedou en nada.

Non foi ate o ano 2008 cando a Universidade, o Concello de Ourense e a hoxe extinta Caixanova, asumiron a necesidade de abordar seriamente a necesidade da integración do campus na cidade, potenciando a relación de Ourense coa súa Universidade, tanto no urbanístico, como o social, o cultural e o económico.

O proxecto, certamente ambicioso, presentado daquela contemplaba o soterramento da avenida Otero Pedraio, dende a intersección coa Rodríguez Castelao ate a confluencia coas rúas Igrexas Alvariño, Rabaza, Torres e Trebo, a construción dun aparcamento subterráneo, dun tranvía, dun centro comercial, hoteis, vivenda protexida e de edificacións destinadas á investigación, gardería e reunións.

A falla de compromiso da Xunta de Galiza con Ourense implicou que este proxecto financiado por Caixanova ficara, como outros moitos, no esquecemento. Calquera das iniciativas contidas no proxecto, perfectamente escindíbeis, precisaban, en opinión do Partido Popular, un investimento excesivo para Ourense.

O concelleiro de urbanismo de Ourense cifraba en 14 millóns de euros o custe do soterramento da Avenida Otero Pedraio no treito proxectado. Esta actuación que por si soa, melloraría considerablemente a seguridade viaria nunha zona de importante transito peonil e pola que circulan diariamente unha media de 14.000 vehículos, por conformar unha das principais vías de entrada na cidade e que conecta esta cos polígonos industriais da contorna, urbanizacións residenciais e con numerosos concellos e núcleos de poboación económica e socialmente vencellados coa cidade de Ourense.

Ao longo destes anos numerosos colectivos e axentes sociais veñen reclamando a necesidade de abordar a obra de soterramento no treito antes sinalado da avenida Otero Pedraio, algo que tamén foi demandado por a práctica totalidade das organizacións políticas con representación na Institución Local ourensá, agás o Partido





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Popular que durante os moitos anos transcorridos evidenciou unha posición variable, entre o desinterese e o obstrucionismo, e sempre de falla de compromiso cos proxectos transformadores da cidade de Ourense.

A falla de compromiso do Partido Popular con Ourense exemplifícao ben a reforma realizada pola Xunta de Galiza na Avda Otero Pedraio, na que investindo máis dun 1,738 M€ e que limitouse á construción de dúas glorietas, a instalación de semáforos e a mellora da iluminación. Unha intervención, cualificada por persoas próximas ao Partido Popular de “reformita low cost”, que de facto implicou a renuncia a un proxecto transformador, de integración e cohesión da cidade, e que preparaba Ourense para a futura chegada do AVE á cidade.

A anunciada construción no barrio das Lagoas dun edificio administrativo destinado a albergar a totalidade das dependencias da Xunta na cidade de Ourense, para o que a Xunta de Galiza xa adquiriu varias parcelas -pagando un importante sobreprezo-, implicará a necesaria reordenación e acondicionamento do espazo ao que es refire a iniciativa, ao tempo que a súa eventual entrada en funcionamento suporá un incremento do tránsito e circulación, viaria e peonil, pola zona, polo que razóns de seguridade -ademais das xa expostas- fan que sexa un momento acaído para abordar un proxecto tan transformador para cidade e tan demandado pola cidadanía de Ourense como é o soterramento viario da Avenida Otero Pedraio.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Realizou a Xunta de Galiza algún estudo sobre a viabilidade do soterramento parcial da Avenida Otero Pedraio en Ourense?

No seu caso, cando e cales foron as apreciacións e conclusións do mesmo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Recibiu algunha solicitude da alcaldía do Concello de Ourense para a reordenación do espazo da avenida Otero Pedraio que contemplara o soterramento viario?

Considera que o soterramento do vial tería un custe aproximado de 14 m€ ou esa é unha estimación infundada do concelleiro de urbanismo de Ourense?

Considera acaída a separación actualmente existente entre as diferentes facultades e servizos universitarios do Campus de Ourense?

Entende que sería positivo para a cidade a total integración do campus na cidade de Ourense?

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2025

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 30/04/2025 10:36:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 30/04/2025 10:40:43

Luis Bará Torres na data 30/04/2025 10:41:05



A Mesa do Parlamento

Nicole Grueira Fernández, Víctor Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

A mocidade galega precisa de políticas públicas ambiciosas que lle ofrezan oportunidades reais de formación, emprego e desenvolvemento persoal, especialmente nun contexto estatal de crecente precariedade, emigración xuvenil e desigualdades no acceso ao mercado laboral.

Neste escenario, a mobilidade internacional preséntase como unha ferramenta estratéxica que permite á xuventude ampliar horizontes, adquirir novas competencias, mellorar a cualificación profesional, así como fomentar a autonomía persoal e o coñecemento doutras realidades culturais e laborais.

Con esta finalidade, a Xunta de Galicia impulsa o programa “Galicia Moza con Alma”, é un bo programa de inclusión social, unha iniciativa orientada ás persoas mozas máis desfavorecidas, inscritas e beneficiarias do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, co obxectivo de favorecer a súa participación en experiencias de mobilidade transnacional.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

En qué consiste o programa Galicia Moza con Alma?, e, ¿qué tipo de actividades ou acción contempla?

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Nicole Grueira Fernández na data 30/04/2025 10:35:01

Víctor Baladrón Lamas na data 30/04/2025 10:35:19

José Luis Ferro Iglesias na data 30/04/2025 10:35:31



Julio García Comesaña na data 30/04/2025 10:35:44

Patricia García González na data 30/04/2025 10:35:57

Rubén Lorenzo Gómez na data 30/04/2025 10:36:11

Carmen Pomar Tojo na data 30/04/2025 10:36:25

María Felisa Rodríguez Carrera na data 30/04/2025 10:36:38

Raúl Santamaría González na data 30/04/2025 10:36:46

Cecilia Vázquez Suárez na data 30/04/2025 10:37:00



A Mesa do Parlamento

Nicole Grueira Fernández, Víctor Baladrón Lamas, José Luis Ferro Iglesias, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

A mocidade galega precisa respostas á altura dos retos que ten por diante. Respostas serias, ambiciosas e planificadas, que lles permitan desenvolverse persoal e profesionalmente na súa terra.

Con esta visión, a Xunta de Galicia impulsa o Plan Estratéxico de Xuventude 2025–2027, dirixido á mocidade de entre 16 e 30 anos. Unha folla de ruta clara e compartida, que inclúe máis de 130 medidas, estruturadas en 12 áreas estratéxicas, e conta cun orzamento que supera os 700 millóns de euros.

Trátase dunha aposta firme por unha Galicia que aposta polo seu futuro, que é a súa mocidade. Falamos de medidas para impulsar o talento novo, apoiar a creatividade, garantir o acceso a unha vivenda digna, fomentar o emprego de calidade ou crear espazos reais de participación activa.

Este novo Plan representa un compromiso colectivo de todo o Goberno galego coa xuventude, e nace co obxectivo de mellorar a vida de 400.000 xóvenes en Galicia.

Tendo isto en conta, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Qué novidades incorpora este novo Plan Estratéxico de Xuventude 2025–2027?

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Nicole Grueira Fernández na data 30/04/2025 10:40:30

Víctor Baladrón Lamas na data 30/04/2025 10:40:44

José Luis Ferro Iglesias na data 30/04/2025 10:40:54



Julio García Comesaña na data 30/04/2025 10:41:06

Patricia García González na data 30/04/2025 10:41:20

Rubén Lorenzo Gómez na data 30/04/2025 10:41:35

Carmen Pomar Tojo na data 30/04/2025 10:41:49

María Felisa Rodríguez Carrera na data 30/04/2025 10:42:02

Raúl Santamaría González na data 30/04/2025 10:42:10

Cecilia Vázquez Suárez na data 30/04/2025 10:42:23





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O desenvolvemento e mantemento de infraestruturas de calidade son fundamentais para o progreso e seguridade da sociedade galega. En Galicia, a mellora das nosas estradas é primordial para o día a día da cidadanía galega, especialmente naquelas zonas rurais e máis afastadas dos grandes núcleos urbanos.

Na parroquia de Ribasar, Rois, o paso da AC-300 pola travesía do Sisto representa un dos puntos máis perigosos do percorrido desta estrada, onde é frecuente ver a DGT con patrullas e controis disuasorios, especialmente de velocidade, co obxecto de aumentar a seguridade viaria do lugar.

Esta estrada AC-300 serve de eixe de conexión máis áxil e curto entre núcleos de poboación tan importantes como son Padrón (comarca do Sar) ate Brión e Bertamiráns (Ames), polo que o paso de vehículos é frecuente e continuo. Tamén os de gran tonelaxe.

Nestas circunstancias móstrase como extremadamente importante mellorar a seguridade viaria no Sisto, un moi relevante núcleo de poboación, coa instalación de beirarrúas, mellora da sinalización e instalación de pasos de





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2025 11:36:01
Nº Rexistro: 24701
Data envío: 30/04/2025 11:36:01.157

peóns e outras medidas que sirvan para mellorar a seguridade viaria e anticiparse a posibles desgrazas futuras.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Vai a Xunta de Galicia a dotar dunhas beirarrúas na estrada de competencia autonómica AC-300 ao seu paso pola travesía do lugar do Sisto?
2. Ten a Xunta de Galicia coñecemento do perigo que está a representar o paso da AC-300 pola travesía do Sisto?
3. Preocúpalle á Xunta de Galicia a seguridade viaria dos peóns e vehículos que circulan diariamente pola estrada AC-300?
4. Vai a Xunta de Galicia a mellorar a sinalización da estrada?
5. Ten previsto a Xunta de Galicia instalar varios pasos de peóns para mellorar a seguridade viaria?

Santiago de Compostela, a 30 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 30/04/2025 11:32:57

Carlos López Font na data 30/04/2025 11:33:06

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

82530

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esta mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O desenvolvemento e o mantemento de infraestruturas de calidade son fundamentais para o progreso e o benestar da sociedade galega. En Galicia, a mellora das nosas estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, redes de telecomunicacións e sistemas enerxéticos non só é crucial para fortalecer a nosa economía, senón tamén para garantir a cohesión social, a igualdade de oportunidades e o desenvolvemento sostible de todo o territorio, especialmente naquelas zonas rurais e máis afastadas dos grandes núcleos urbanos.

A estrada PO-201, que conecta Silleda co Santuario da Saleta, segue a ser un punto crítico en termos de seguridade viaria para os peóns, xa que levamos moitos anos sen que se adopten medidas suficientes para garantir a seguridade das veciñas e veciños que transitan por esta vía, especialmente durante os nove días previos ás festas patronais, cando moitas persoas camiñan ata o santuario sen ningunha protección nas beiras da estrada.

A necesidade de crear sendas seguras entre o núcleo urbano de Silleda e a estrada local que leva ao Santuario da Saleta é urxente e evidente. Este santuario é un lugar de encontro fundamental para a comunidade de Silleda, e o feito de que centos de persoas se vexan obrigadas a camiñar por unha estrada sen beiravías ou medidas de protección peonil é unha grave negligencia en termos de seguridade vial.

Ademais, resulta incomprensible que esta sexa a única estrada de todo o seu contorno que segue sen contar con beirarrúas, cando nas estradas nacionais e





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2025 11:44:21
Nº Rexistro: 24714
Data envío: 30/04/2025 11:44:21.385

provinciais próximas xa se teñen construído estas infraestruturas. A falta de actuación neste tramo específico deixa en evidencia unha discriminación inxustificada en comparación coas outras vías da zona, onde si se adoptaron medidas para garantir a seguridade peonil.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

- Vai a Xunta de Galicia a construír sendas seguras entre o núcleo urbano de Silleda e a estrada local que leva ao Santuario da Saleta?
- Por que esta estrada é a única de todo o seu contorno que segue sen contar con beirarrúas, cando nas estradas nacionais e provinciais próximas xa se teñen construído estas infraestruturas?
- Por que aínda non se adoptaron medidas para garantir a seguridade peonil?
- Preocúpalle á Xunta de Galicia a seguridade das veciñas e veciños que transitan por esta vía?

Santiago de Compostela, a 30 de abril do 2025

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 30/04/2025 11:32:16

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

82532

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2025 11:44:21
Nº Rexistro: 24714
Data envío: 30/04/2025 11:44:21.385

Carlos López Font na data 30/04/2025 11:32:25

CSV: BOPGDSPG-98e691JXy-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

82533

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

82571

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2025 18:07:37
Nº Rexistro: 24664
Data envío: 29/04/2025 18:07:37.608

Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

En relación cos expedientes pendentes de valoración para a declaración de dependencia e discapacidade pola Xunta de Galicia, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Cantas persoas están pendentes de valoración por parte da Xunta de Galicia para a declaración de dependencia e discapacidade a 31 de marzo de 2025?
2. Cal é o tempo medio de espera para valoración, por provincias, e cal é o tempo medio de resolución dos expedientes a 31 de marzo de 2025?
3. Cal é o tempo medio para que a persoa dependente acceda á prestación da carteira de servizos?
4. Cantos dependentes valorados e con resolución están en lista de agarda para unha praza residencial pública?
5. Cantas persoas faleceron en Galicia á espera da valoración ou que tiñan grao recoñecido pero aínda non dispoñían de prestación a 31 de marzo de 2025?

Parlamento de Galicia, 29 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

82572

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/04/2025 18:07:37
Nº Rexistro: 24664
Data envío: 29/04/2025 18:07:37.608

Elena Espinosa Mangana na data 29/04/2025 13:48:15

Silvia Longueira Castro na data 29/04/2025 13:48:27

CSV: BOPGDSPG-98e691JXy-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

82573

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ao estado da área destinada a hospitalización no Edificio Cristal do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, ás queixas das persoas usuarias e ás actuacións urxentes que debe levar a cabo o goberno galego para paliar as deficiencias.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O deterioro das infraestruturas do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, singularmente do Edificio Cristal e do seu contínuum, o edificio do Hospital Materno-Infantil, está a ser obxecto constante de distintos problemas nos últimos anos e de queixas tanto por parte das e dos profesionais como das e dos usuarios, ao ter problemas recorrentes e ao chegar a unha situación de deterioro insostible.

Así, o pasado sábado 29 de marzo coñeciamos o terceiro derrube en menos de dous anos do Materno. Producíase un novo derrube na área de pediatría que, ao ter lugar en fin de semana, afortunadamente non tivo ningunha consecuencia persoal. Días despois, o 9 de abril, producíase novo rebentón de tubaxes.

Esta situación, lonxe de obedecer a problemas puntuais dunhas instalacións amplas e complexas, evidencian un deterioro moi avanzado que obedece a falta de investimento, falta de fiscalización e falta de mantemento. Un servizo, por certo, o de mantemento, que foi progresivamente privatizado e externalizado e froito de constantes problemas laborais que tamén teñen sido denunciados tanto sindical e socialmente como no ámbito do Parlamento Galego.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É preciso lembrar que, malia ser o eixo Cristal-Materno un dos principais problemas de infraestrutura hospitalaria, a Xunta de Galiza negou reiteradamente a necesidade dun novo edificio e apostou en todas e cada unha das revisións que fixo do Plan Director, desde o ano 2001, pola reforma do Materno. Con todo, unha das cuestións previstas para mellorar a área sanitaria era a construción en paralelo a este edificio dun novo edificio de hospitalización, toda vez que o novo edificio rematado no ano 2017 non ten capacidade suficiente para toda a necesidade e que a día de hoxe hai aínda unha parte da hospitalización no Cristal. Este edificio tiña que estar rematado e operativo no ano 2025. Porén, as obras non só non están rematadas senón que levan máis de seis meses paralizadas sen explicación.

Recentemente coñeciamos novas queixas de usuarios e usuarias da área destinada a hospitalización no edificio Cristal, unha área na que se comparten aínda os baños para cada dúas habitacións, isto é, para cada catro doentes. Esta situación é de por si impropia dunha sanidade do século XXI, na que este tipo de situacións deberían ser excepciónais e só xustificadas en situacións de saturación, emerxencia ou calquera cuestión xustificada fóra da planificación ordinaria. Mais a cuestión é que, tal e como reflicten as imaxes dadas a coñecer, o deterioro das instalacións está xa nun punto que afecta á seguridade de doentes, familiares e profesionais e mesmo á hixiene polo avance da descomposición de materiais ou da oxidación.

Así, as familiares amosaron imaxes nas que se pode ver un retrete totalmente rodeado de óxido, portas e paredes desconchadas con falta de azulexos, roturas ou partes de madeira podrecidas, luces coa protección que separa da lámpada absolutamente rotas ou cristais rotos. A esta situación de deterioro súmase a limitación de espazo e mobiliario que sofren usuarias e persoal nunha área na que, ademais, hai que recordar que se sitúan doentes coronarios, doentes de medicina interna que nun alto grao teñen idade avanzada e pluripatoloxías e tamén doentes de paliativos na zona máis próxima.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta nova queixa coñecida a través dos medios de comunicación é testemuña do deterioro acelerado dos últimos anos e engádese a outras denuncias públicas que apareceron nos xornais locais e que poden ser facilmente localizables nos anos 2023, 2022 ou 2020 sen ir máis lonxe.

As queixas de persoal, doentes e familiares, sumado aos distintos incidentes de coñecemento público, son a punta do iceberg dunha situación insostible e sobre a que é necesario actuar en dúas direccións: transparencia respecto do estado real das instalacións e actuacións urxentes en dous sentidos: acelerar as infraestruturas en construción e actuar de forma inmediata para facer arranxos que garantan a seguridade industrial, laboral e das persoas que usan a infraestrutura e que permitan un uso máis seguro e cómodo mentres se localicen os servizos nestas partes do Hospital.

É necesario que por responsabilidade, e tamén por humanidade, a Xunta actúe de forma inmediata nunhas instalacións nas que, ademais, ducias de doentes e familiares pasan longas tempadas. Estamos a falar dun servizo de hospitalización e tratamento, de situacións delicadas que non adoitan ser unha cuestión puntual de horas, e polo tanto é precisa unha revisión acorde coas súas necesidades.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que actuacións urxentes vai impulsar a Xunta de Galiza para garantir a dignidade e seguridade na zona de hospitalización do Edificio Cristal?

Considera o goberno galego que as instalacións do Cristal, singularmente as destinadas a hospitalización, cumpren cos estándares de seguridade laboral e industrial?

E cos estándares de humanidade, accesibilidade e comodidade mínimos esixibles a un servizo destas características?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E para garantir unhas instalacións adecuadas cuxa poboación albo supera as 300.000 persoas ao haber servizos que son para todas as comarcas ourensáns ao non prestarse nos hospitais comarcais?

Que fai a Xunta para o desbloqueo e a aceleración do edificio de hospitalización pendente? Cales foron as razóns da paralización?

Que papel van ter finalmente as distintas áreas e servizos do Cristal en relación ao desaloxo do materno?

Cal é a previsión temporal?

Coñece a Xunta de Galiza as queixas relacionadas? Porque non contesta en tempo e forma as reclamacións das e dos usuarios?

Que valoración fai dos servizos de mantemento? Considera un erro a súa externalización? Vai reforzar os recursos humanos deste servizo para atender estas demandas? Cales son as razóns?

Por que a Xunta non remite ao Parlamento Galego a totalidade de informes referidos á seguridade industrial e laboral de todos os edificios que compoñen o Complexo Hospitalario Universitario de Ourense así como todas as actas de inspección e de incidentes dos últimos 10 anos?

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2025

Asdo.: Noa Presas Bergantiños
Deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 29/04/2025 12:32:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre os continuos erros e a falta de capacidade de xestión das convocatorias de subvencións polo IGAPE e a falta de calquera tipo de seguridade xurídica na actuación da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 13 de xaneiro o IGAPE anunciou a publicación dunha convocatoria conxunta de subvencións dirixidas ás empresas de Galiza. Na propia web da Xunta de Galiza e na presentación pública feita por María Jesús Lorenzana e a propia directora do IGAPE, Covadonga Toca, avanzaban a publicación conxunta de 15 liñas de axudas, en parte delas aproveitando os Fondos Europeos de Resilencia, transferidos pola propia Unión Europea e o Estado.

As 15 liñas de axudas subdividíanse en aspectos tan importantes como: financiación (110 millóns), competitividade (máis de 47 millóns), e innovación (máis de 15 millóns).

Todas estas convocatorias de axudas dirixidas ás empresas sacáronse en réxime de concorrência non competitiva, polo tanto, en estrita orde de entrada a través da sede electrónica da Xunta de Galiza. Isto lévanos a ter que destacar con respecto a este mecanismo que, en primeiro lugar e aparentemente, a intención do IGAPE é axilizar a súa tramitación pero a data de hoxe non se publicaron os resultados case 3 meses despois.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tamén que ao tratarse de proxectos de axudas dirixidas a ámbitos como a inversión en investimentos estratéxicos, innovación, financiación, aplicar este criterio atenta sobre os propios criterios na delegación de fondos da Unión Europea e a súa esixencia dunha correcta xustificación previa e a posteriori.

En terceiro lugar, demostra a incapacidade dos xestores e xestoras do IGAPE como responsables da xestión e avaliación de proxectos cun carácter estratéxico para Galiza e as súas empresas, e finalmente a fin de “modificar” a orde de presentación das axudas e axustala aos seus intereses, se se solicita algunha subsanación as empresas estas pasas a estar no último lugar da listaxe, polo tanto perdendo calquera posibilidade de obter as axudas.

A presentación conxunta destas axudas e neste formato, xa é indicativo do despropósito na xestión que está a realizar este organismo destas e outras axudas, pero ademais os feitos acentuaron a situación desacreditando ante as empresas ao propio IGAPE.

Na primeira data para presentar as axudas, publicadas no DOG, o sistema para presentarse as mesmas “colapsou” facendo inviable presentar calquera axuda. A resposta do IGAPE foi a través das súas redes sociais indicando que “houbo incidentes técnicos da nova plataforma tecnolóxica do IGAPE” e que publicarían una nova data para a presentación das axudas. Así mesmo, indicaron que anulaban todo o procedemento para garantir a seguridade xurídica dos procedementos.

O curioso desta situación é que non é nada novo nin ten que ver cunha suposta actualización informática por parte do IGAPE, senón que xa en diversas convocatorias anteriormente sucederon procesos similares e provocaron a indefensión xurídica das empresas. Por exemplo, en agosto de 2024, nunha subvención para a equipación de pemes e autónomos deuse a mesma situación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta forma de actuar é habitual por parte da Xunta de Galicia e o propio IGAPE, anualmente na convocatoria de subvencións para o financiamento do Programa Investigo, actúan da seguinte maneira:

As datas de publicación desta axuda e o criterio da mesma varia, co cal, só os “amigos” están ao tanto. Sendo un procedemento de financiamento de investigadores o criterio é a orde de presentación esgotándose os fondos nunhas horas. A posteriori, tardan en resolver algo que debería ser case inmediato, provocando que as empresas non poidan facer os investimentos ou non teñan unha mínima certeza da situación.

A situación actual chega ao esperpento xa que actualmente o IGAPE, está: - Solicitando a subsanación de determinadas solicitudes de axudas co obxecto que as mesmas pasen a ocupar a última posición, solicitando documentación que non estaba recollida no propio DOG.

Tampouco existe unha resolución das diferentes convocatorias, co cal están facendo inviable a inversión e investimentos que as empresas teñen que facer.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Vai a Xunta de Galiza dar explicacións sobre os continuos erros e falta de capacidade de xestión das convocatorias de subvencións polo IGAPE e a falta de calquera tipo de seguridade xurídica?
- Vai facer público a Xunta de Galiza o rexistro telemático onde conste a traza das solicitudes para cada unha das convocatorias de axudas do ano 2025, de cara a salvagardar a seguridade xurídica e a orde de presentación das mesmas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Vai dar a Xunta de Galiza unha explicación xurídica de porque se poden solicitar subsanacións de solicitudes con documentación e novos criterios non recollidos nas diferentes ordes de convocatorias das axudas?

- Está disposta a Xunta de Galiza a facer chegar a resolución das axudas para investimento, investigación e competitividade e evitar a parálise actual e a falta de axuda da administración pública para axudar ás empresas galegas?

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2025

Asdo.: **Daniel Castro García**

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 30/04/2025 09:55:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Suárez Fernández, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre os motivos polos que a Xunta aínda non sacou a convocatoria da Iniciativa Xove.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A denominada Iniciativa Xove, impulsada pola Xunta de Galiza é unha axuda económica que o goberno galego dá para a posta en marcha de iniciativas xuvenís. Para moitas asociacións xuvenís, esta achega económica é moi necesaria e facilita a realización de actividades destinadas á mocidade galega ou iniciativas xuvenís. Desde a Xunta asegúrase que “entenderanse por iniciativas xuvenís os proxectos liderados pola mocidade da Comunidade Autónoma de Galiza e nas que as persoas novas sexan as verdadeiras protagonistas, a través da participación activa na planificación e na realización das actividades deseñadas por elas mesmas”. Desde o Grupo Parlamentar do BNG consideramos que o goberno galego debe facer todo o posíbel por favorecer, facilitar e fortalecer o tecido asociativo xuvenil galego e este tipo de axudas pode ser un bo incentivo para as asociacións xuvenís que desempeñan un grande traballo para a mocidade galega.

É por iso que non comprendemos o feito de a Xunta non ter convocado a Iniciativa Xove ao longo do exercicio de 2024. Isto supuxo que ningunha asociación xuvenil puidese recibir unha achega económica moi importante para o desenvolvemento de actividades destinadas á mocidade. O que se revela aínda máis incomprensíbel é o feito de o Goberno galego non ter convocado a Iniciativa Xove no que vai de 2025.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nunha pasada sesión da Comisión 5ª do Parlamento galego decorrida o día 30 de xaneiro de 2025, este Grupo Parlamentar realizou unha pregunta á Directora Xeral de Xuventude, A señora Lara Meneses, a respecto da non activación do Consello Asesor e Consultivo da Xuventude de Galiza, outra ferramenta que consideramos moi útil e que a Xunta mantén desactivada. Nesa mesma comisión, a señora Meneses asegurou, referíndose á Iniciativa Xove, que era un programa que se “reactiva este ano con algunha que outra novidade”. Achegámonos a mediados do exercicio de 2025 e aínda non se sabe nada deste suposta reactivación e as asociacións xuvenís seguen á espera da convocatoria.

Descoñecemos os motivos polos que a Dirección Xeral de Xuventude segue sen convocar a Iniciativa Xove e esperamos poder ter unha resposta satisfactoria a esta cuestión de importancia para a mocidade galega.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Por que non convoca a Xunta de Galiza a Iniciativa Xove?
- Por que motivos non se convocou tampouco en 2024?
- Ten previsto o goberno galego eliminar definitivamente esta axuda?
- Que resposta dá a Xunta ás asociacións xuvenís cuxa actividade depende desta achega económica?
- É consciente o goberno galego do prexuízo causado a moitas asociacións xuvenís por este motivo?

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2025





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**

Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 30/04/2025 10:11:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o soterramento parcial da avenida Otero Pedraio de Ourense para a integración do Campus Universitario na cidade de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O crecemento da cidade de Ourense, en moitos casos sen unha plena planificación global, provocou que na actualidade existan barrios separados do resto da cidade por importantes infraestruturas de comunicación.

Así, o trazado actual das vías de ferrocarril na cidade de Ourense supón unha separación entre, p.ex. os barrios da Ponte, As Lagoas, Barrocás... do resto da cidade. A desexable unión de tan importantes e populosos barrios e a súa definitiva integración co resto da cidade está pendente da execución dunha variante exterior, tantas veces negada polo Partido Popular, e da que, após máis de 30 anos, aínda fican pendentes de execución ou mesmo licitación os treitos máis importantes (conexión Seixalbo-Seixalbo; Seixalbo-túnel de Montealegre e túnel de Montealegre-estación) para que a integración do AVE na cidade sexa unha realidade.

Na mesma liña de integración e ordenación da cidade de Ourense, nas últimas décadas do século XX formulárase a necesidade do soterramento da avenida Otero Pedraio (estrada OU-536) para eliminar a división do propio Campus Universitario, con centros e servizos separados por uns dos principais redes viarias de entrada a Ourense, e tamén coa propia trama urbana da cidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como tantos outros proxectos e anuncios para Ourense, todo quedou en nada.

Non foi ate o ano 2008 cando a Universidade, o Concello de Ourense e a hoxe extinta Caixanova, asumiron a necesidade de abordar seriamente a necesidade da integración do campus na cidade, potenciando a relación de Ourense coa súa Universidade, tanto no urbanístico, como o social, o cultural e o económico.

O proxecto, certamente ambicioso, presentado daquela contemplaba o soterramento da avenida Otero Pedraio, dende a intersección coa Rodríguez Castelao ate a confluencia coas rúas Igrexas Alvariño, Rabaza, Torres e Trebo, a construción dun aparcamento subterráneo, dun tranvía, dun centro comercial, hoteis, vivenda protexida e de edificacións destinadas á investigación, gardería e reunións.

A falla de compromiso da Xunta de Galiza con Ourense implicou que este proxecto financiado por Caixanova ficara, como outros moitos, no esquecemento. Calquera das iniciativas contidas no proxecto, perfectamente escindíbeis, precisaban, en opinión do Partido Popular, un investimento excesivo para Ourense.

O concelleiro de urbanismo de Ourense cifraba en 14 millóns de euros o custe do soterramento da Avenida Otero Pedraio no treito proxectado. Esta actuación que por si soa, melloraría considerablemente a seguridade viaria nunha zona de importante tránsito peonil e pola que circulan diariamente unha media de 14.000 vehículos, por conformar unha das principais vías de entrada na cidade e que conecta esta cos polígonos industriais da contorna, urbanizacións residenciais e con numerosos concellos e núcleos de poboación económica e socialmente vencellados coa cidade de Ourense.

Ao longo destes anos numerosos colectivos e axentes sociais veñen reclamando a necesidade de abordar a obra de soterramento no treito antes sinalado da avenida Otero Pedraio, algo que tamén foi demandado por a práctica totalidade das organizacións políticas con representación na Institución Local ourensá, agás o Partido





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Popular que durante os moitos anos transcorridos evidenciou unha posición variable, entre o desinterese e o obstrucionismo, e sempre de falla de compromiso cos proxectos transformadores da cidade de Ourense.

A falla de compromiso do Partido Popular con Ourense exemplifícao ben a reforma realizada pola Xunta de Galiza na Avda Otero Pedraio, na que investindo máis dun 1,738 M€ e que limitouse á construción de dúas glorietas, a instalación de semáforos e a mellora da iluminación. Unha intervención, cualificada por persoas próximas ao Partido Popular de “reformita low cost”, que de facto implicou a renuncia a un proxecto transformador, de integración e cohesión da cidade, e que preparaba Ourense para a futura chegada do AVE á cidade.

A anunciada construción no barrio das Lagoas dun edificio administrativo destinado a albergar a totalidade das dependencias da Xunta na cidade de Ourense, para o que a Xunta de Galiza xa adquiriu varias parcelas -pagando un importante sobreprezo-, implicará a necesaria reordenación e acondicionamento do espazo ao que es refire a iniciativa, ao tempo que a súa eventual entrada en funcionamento suporá un incremento do tránsito e circulación, viaria e peonil, pola zona, polo que razóns de seguridade -ademais das xa expostas- fan que sexa un momento acaído para abordar un proxecto tan transformador para cidade e tan demandado pola cidadanía de Ourense como é o soterramento viario da Avenida Otero Pedraio.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Realizou a Xunta de Galiza algún estudo sobre a viabilidade do soterramento parcial da Avenida Otero Pedraio en Ourense?

No seu caso, cando e cales foron as apreciacións e conclusións do mesmo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Recibiu algunha solicitude da alcaldía do Concello de Ourense para a reordenación do espazo da avenida Otero Pedraio que contemplara o soterramento viario?

Considera que o soterramento do vial tería un custe aproximado de 14 m€ ou esa é unha estimación infundada do concelleiro de urbanismo de Ourense?

Considera acaída a separación actualmente existente entre as diferentes facultades e servizos universitarios do Campus de Ourense?

Entende que sería positivo para a cidade a total integración do campus na cidade de Ourense?

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2025

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**
Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 30/04/2025 10:40:26





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O desenvolvemento e mantemento de infraestruturas de calidade son fundamentais para o progreso e seguridade da sociedade galega. En Galicia, a mellora das nosas estradas é primordial para o día a día da cidadanía galega, especialmente naquelas zonas rurais e máis afastadas dos grandes núcleos urbanos.

Na parroquia de Ribasar, Rois, o paso da AC-300 pola travesía do Sisto representa un dos puntos máis perigosos do percorrido desta estrada, onde é frecuente ver a DGT con patrullas e controis disuasorios, especialmente de velocidade, co obxecto de aumentar a seguridade viaria do lugar.

Esta estrada AC-300 serve de eixe de conexión máis áxil e curto entre núcleos de poboación tan importantes como son Padrón (comarca do Sar) ate Brión e Bertamirás (Ames), polo que o paso de vehículos é frecuente e continuo. Tamén os de gran tonelaxe.

Nestas circunstancias móstrase como extremadamente importante mellorar a seguridade viaria no Sisto, un moi relevante núcleo de poboación, coa instalación de beirarrúas, mellora da sinalización e instalación de pasos de





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2025 11:36:21
Nº Rexistro: 24703
Data envío: 30/04/2025 11:36:21.125

peóns e outras medidas que sirvan para mellorar a seguridade viaria e anticiparse a posibles desgrazas futuras.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Vai a Xunta de Galicia a dotar dunhas beirarrúas na estrada de competencia autonómica AC-300 ao seu paso pola travesía do lugar do Sisto?
2. Ten a Xunta de Galicia coñecemento do perigo que está a representar o paso da AC-300 pola travesía do Sisto?
3. Preocúpalle á Xunta de Galicia a seguridade viaria dos peóns e vehículos que circulan diariamente pola estrada AC-300?
4. Vai a Xunta de Galicia a mellorar a sinalización da estrada?
5. Ten previsto a Xunta de Galicia instalar varios pasos de peóns para mellorar a seguridade viaria?

Santiago de Compostela, a 30 de abril de 2025

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 30/04/2025 11:34:41

Carlos López Font na data 30/04/2025 11:34:50

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

82591

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

María Elena Espinosa Mangana e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esta mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O desenvolvemento e o mantemento de infraestruturas de calidade son fundamentais para o progreso e o benestar da sociedade galega. En Galicia, a mellora das nosas estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, redes de telecomunicacións e sistemas enerxéticos non só é crucial para fortalecer a nosa economía, senón tamén para garantir a cohesión social, a igualdade de oportunidades e o desenvolvemento sostible de todo o territorio, especialmente naquelas zonas rurais e máis afastadas dos grandes núcleos urbanos.

A estrada PO-201, que conecta Silleda co Santuario da Saleta, segue a ser un punto crítico en termos de seguridade viaria para os peóns, xa que levamos moitos anos sen que se adopten medidas suficientes para garantir a seguridade das veciñas e veciños que transitan por esta vía, especialmente durante os nove días previos ás festas patronais, cando moitas persoas camiñan ata o santuario sen ningunha protección nas beiras da estrada.

A necesidade de crear sendas seguras entre o núcleo urbano de Silleda e a estrada local que leva ao Santuario da Saleta é urxente e evidente. Este santuario é un lugar de encontro fundamental para a comunidade de Silleda, e o feito de que centos de persoas se vexan obrigadas a camiñar por unha estrada sen beiravías ou medidas de protección peonil é unha grave negligencia en termos de seguridade vial.

Ademais, resulta incomprensible que esta sexa a única estrada de todo o seu contorno que segue sen contar con beirarrúas, cando nas estradas nacionais e provinciais próximas xa se teñen construído estas infraestruturas. A falta de





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2025 11:45:05
Nº Rexistro: 24716
Data envío: 30/04/2025 11:45:05.306

actuación neste tramo específico deixa en evidencia unha discriminación inxustificada en comparación coas outras vías da zona, onde si se adoptaron medidas para garantir a seguridade peonil.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- Vai a Xunta de Galicia a construír sendas seguras entre o núcleo urbano de Silleda e a estrada local que leva ao Santuario da Saleta?
- Por que esta estrada é a única de todo o seu contorno que segue sen contar con beirarrúas, cando nas estradas nacionais e provinciais próximas xa se teñen construído estas infraestruturas?
- Por que aínda non se adoptaron medidas para garantir a seguridade peonil?
- Preocúpalle á Xunta de Galicia a seguridade das veciñas e veciños que transitan por esta vía?

Santiago de Compostela, a 30 de abril do 2025

Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 30/04/2025 11:33:21

Carlos López Font na data 30/04/2025 11:33:31

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

82593

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Oscar Insua Lema, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de eliminar gastos impropios aos concellos que acollen probas ABAU fóra dos campus universitarios.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Coma todos os anos, no mes xuño e xullo, celebrárase en toda Galiza, a convocatoria da Proba de Avaliación de Bacharelato para o Acceso á Universidade (ABAU), unha proba que dende fai bastantes anos, ademais de realizarse nas sete cidades galegas, onde existen campus das tres universidades, tamén teñen lugar noutros tres concellos: Cee, A Rúa e Viveiro. Isto foi así durante os últimos anos, agás no ano 2020 da pandemia, na que por motivos de seguridade na saúde das persoas, realizouse ademais noutros sete concellos.

Dende o ano 2007, o alumnado de bacharelato da Costa da Morte (IES. Agra das Raíces (Cee), IES Terra de Soneira (Vimianzo), IES Maximino Romero de Lema (Baio-Zas) e IES Fernando Blanco (Cee)), poden realizar a proba nas dependencias do instituto de Cee, o mesmo co alumnado da mariña lucense (IES Dionisio Gamallo Fierros (Ribadeo), IES Vilar Ponte (Viveiro), IES de Foz (Foz), IES Monte Castelo (Burela), IES Porta da Auga (Ribadeo), IES Marqués de Sargadelos (San Cibrao), IES Perdouro (Burela) e IES María Sarmiento (Viveiro)) no instituto de Viveiro ou do alumnado do Barco de Valdeorras e Viana (IES de Quiroga (Quiroga), IES Martaguisela (O Barco), IES Xermán Ancochea Quevedo (Trives), IES Carlos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Casares (Viana do Bolo), IES Cosme López Rodríguez (A Rúa), IES Lauro Olmo (O Barco) e Colexio Pablo VI Fátima (A Rúa)) nas instalacións do Instituto da Rúa.

As razóns pola cal as probas da ABAU se descentralizaron das cidades son múltiples e obvias, pois evitáronse desprazamentos masivos ás cidades do alumnado e dos seus pais, ter que buscar hospedaxe, ou acudir todos os días de viaxe realizando dúcias de quilómetros, pero sobre todo, evitouse o gasto que teñen que facer as familias que non viven na cidade, porque durante anos, os que vivimos nos pobos do rural, afastados das urbes, sempre tivemos que realizar gastos extras para acceder a algúns servizos públicos, quebrándose o principio de igualdade na nosa terra. Ademais, as deficientes conexións do transporte público nas comarcas periféricas, impedirían chegar a tempo ás probas ao alumnado que non posúe vehículo propio para desprazarse aos campus universitarios.

Para que se producisen estas descentralizacións, os tres concellos periféricos asignaron no seu día un convenio coa Comisión Interuniversitaria de Galiza (CIUG) e co Consorcio Interuniversitario do Sistema Universitario de Galiza (CISUG), nos cales os primeiros se comprometeron a abonar os gastos xerados nas probas, e que inicialmente ascendían a unhas cuantías de 15.000 €, como no caso de Cee. Unha asunción económica que nunca debiera producirse, pois unha vez máis, os concellos asumen inxustamente o custe duns servizos que non son da súa competencia, pero que prefiren abonar, antes de que a situación reverta a tempos pretéritos, e só co único motivo de defender os intereses do alumnado de bacharelato para que poidan seguir realizando esas probas preto das súas localidades.

Os convenios asínanse anualmente e parece que foron actualizando as cantidades que tiñan que asumir os concellos interesados, ata chegar a unhas contías que sobrepasan as previsións orzamentarias destes. No ano 2024 o concello de Cee tivo que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

abonar a cantidade de 17.542,30 €, o da Rúa 17.879,20 €, e o de Viveiro 18.033,70 €, acudindo ás probas en Cee arredor de 140 alumnos, ao da Rúa 127 e ao de Viveiro 217. Este ano 2025, xa enviaron os modelos de convenios para asinar, e sorprende que as cantidades aumentaron de forma considerable, pois ao concello de Cee esíxenlle 21.488,76 €, cantidade que cobre os gastos do persoal e dos traslados dos funcionarios que forman parte do tribunal para dúas convocatorias (xuño e xullo), ademais de gastos de xestión que supoñen un 20% do total e que non detallan para que se destinan. No caso do concello da Rúa, a cantidade a pagar este ano 2025 sería de 21.875,04 € e no de Viveiro superarían xa os 22.000 €. Semella que son os concellos os que asumen totalmente os gastos derivados de descentralizar as probas, mais nin sequera se deducen das contas aportadas polo CISUG nos borradores dos convenios, os ingresos que reciben das taxas abonadas por todos os alumnos aspirantes, que supuxeron no ano pasado 30.816,28 €, se consideráramos que os 484 alumnos que fixeron as probas en Cee, A Rúa e Viveiro, pagaron integramente a taxa de 63,67€ estipulada. Tamén é asombroso que a CIUG e o CISUG non teñan asinado ningún convenio cos concellos onde existen campus das tres universidades galegas para que se fagan cargo dos custes da organización das mesmas probas nesas cidades.

Pois este é o contexto das probas da ABAU na Galiza despoboadas e baleiras, son os concellos os que se fan cargo dos custes de celebración das probas de Acceso á Universidade coa carga económica que iso supón nunhas arcas municipais ás que xa lles costa facerse cargo de todas as competencias propias que teñen que asumir. E namentres, asistimos ao abandono da Xunta de Galiza, que ben podería destinar a estes cometidos os cartos que consagra ás campañas publicitarias para promocionar medidas que quedan en papel mollado, como esa lei do impulso demográfico, que nos artigos 13 e 85, establece a “A Administración autonómica elaborará e poñerá á disposición das administracións locais instrumentos e mecanismos de apoio económico que faciliten a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

incorporación da perspectiva demográfica no deseño e aplicación das políticas e accións levadas a cabo por estas” ou que “A consellaría competente en materia de educación terá en conta a dispersión poboacional e o carácter rural dos asentamentos de poboación para efectuar a oferta de prazas educativas”.

É por este motivo que desde o Bloque Nacionalista Galego entendemos que a Xunta de Galiza ten a responsabilidade de asumir un papel protagonista neste caso concreto, en base á lexislación anterior, axudando e asumindo o mantemento da celebración das ABAU nos concellos de Cee, A Rúa e Viveiro para facilitar o acceso a esa proba a todo o alumnado da contorna deses núcleos de poboación.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Entende a Xunta de Galiza que é unha boa decisión descentralizar as sedes das probas ABAU en comarcas afastadas dos campus universitarios? Que opinión ten a Dirección Xeral da Administración Local?

-Que medidas económicas vai adoptar a Xunta de Galiza para eliminar a discriminación aos concellos de comarcas en reto demográfico como Cee, A Rúa e Viveiro, que acollerán as sedes das probas da ABAU fora dos campus galegos?

-Considera xusto a Xunta que os concellos de Cee, A Rúa e Viveiro teñan que sufragar o custe dunhas probas, namentres os concellos que teñen campus universitarios e sedes das ABAU non? Considera que existe discriminación?

- Entende a Xunta de Galiza que financiar as probas da ABAU é unha competencia impropia dos concellos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Considera a Xunta que poden existir situacións de discriminación, en actuacións que implican o uso de fondos públicos aportados a través do Plan Galego de Financiamento Universitario?

Santiago de Compostela, 30 de abril de 2025

Asdo.: **Oscar Insua Lema**
Deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 30/04/2025 11:57:41





Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esta mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As infraestruturas desempeñan un papel clave no desenvolvemento de Galicia, xa que facilitan a conectividade, estimulan a actividade económica e aseguran o acceso equitativo aos servizos públicos. A súa mellora e expansión axudan a reducir as diferenzas entre territorios, fortalecen o sector produtivo e elevan a calidade de vida da poboación. Así pois, investir en infraestruturas é fundamental para o desenvolvemento sostible e equilibrado de Galicia, asegurando a súa competitividade e benestar futuro.

A estrada LU-170, que conecta as localidades de Xermade e Momán no concello de Xermade, é unha infraestrutura clave para a comunicación interior da comarca da Terra Chá. Nos últimos anos, esta vía foi obxecto de diversas actuacións por parte da Xunta de Galicia, aínda que continúa a ser un motivo de preocupación entre a veciñanza e as autoridades locais polo seu estado xeral e pola necesidade de intervencións máis amplas.

Na actualidade, a situación da estrada segue xerando preocupación. Veciños e autoridades locais denuncian que o firme segue nun estado deplorable en varios tramos, con curvas perigosas e un ancho insuficiente, especialmente no tramo que dá acceso ao polígono industrial. En maio do ano 2024, o párroco de Momán reclamara publicamente o arranxo desta estrada, poñendo en valor a súa importancia para a comunicación e o desenvolvemento da zona.

Tamén dende o ámbito político se esixiron actuacións inmediatas. O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia xa lle reclamara a Xunta de Galicia o desbloqueo do proxecto de mellora entre Cabreiros e Momán, advertindo do





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2025 12:44:32
Nº Rexistro: 24732
Data envío: 30/04/2025 12:44:32.151

perigo que representa actualmente a vía para os condutores e da necesidade urxente de acometer as obras prometidas.

En resumo, a estrada LU-170 segue a ser un punto crítico na rede viaria da comarca, cunha importancia estratéxica para o desenvolvemento local. Aínda que se teñen realizado melloras puntuais e existen proxectos de rehabilitación avanzados, as demandas sociais e políticas evidencian que a súa rehabilitación integral é aínda unha necesidade pendente.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- Ten previsto a Xunta de Galicia un calendario concreto para o inicio das obras de rehabilitación integral da estrada LU-170 entre Xermade e Momán, tendo en conta a súa importancia estratéxica para a comarca da Terra Chá?
- Que pasos está a dar a Xunta de Galicia para arranxar a estrada LU-170?
- Está a Xunta de Galicia facendo todo o posible para mellorar a LU-170 entre Xermade e Momán?

Santiago de Compostela, a 30 de abril do 2025

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 30/04/2025 11:40:59

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

82600

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/04/2025 12:44:32
Nº Rexistro: 24732
Data envío: 30/04/2025 12:44:32.151

Carlos López Font na data 30/04/2025 11:41:09

CSV: BOPGDSPG-98e691JXy-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

82601

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para escrita**, sobre a necesidade de regular e impulsar a aprendizaxe ao longo da vida adulta en Galiza, e o abandono por parte do Goberno galego do Anteproxecto de lei presentado pola Consellería de Educación en decembro de 2022.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai pouco máis de dous anos, exactamente o 7 de decembro de 2022, a Consellería de Educación comezaba a tramitación dunha nova lei para a aprendizaxe ao longo da vida adulta. O obxectivo da mesma, segundo a propia Consellería, era a regulación e a organización dun sistema de aprendizaxe ao longo da vida adulta en Galiza que respondera de xeito eficiente ás necesidades de formación permanente da cidadanía galega, de acordo coas competencias que o Estatuto de Autonomía e o resto do ordenamento xurídico lle atribúen á Comunidade Autónoma de Galiza. Manifestaban ademais, que a formación ao longo da vida, formal ou non formal, permitía que as persoas adultas ampliasen os seus coñecementos, mellorasen as súas competencias técnicas e profesionais e desenvolveran as súas aptitudes e capacidade crítica, favorecendo o desenvolvemento integral das persoas dende o ámbito persoal e profesional, impulsando a sostibilidade en Galiza na área económica, social e cultural.

Presentado o anteproxecto de lei, a Consellería de Educación abriu o prazo para presentar suxestións, que foi pechado o 7 de marzo de 2023, tendo recollida unha.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Despois desta data nada volvemos a saber desta iniciativa do Goberno da Xunta, nin da Consellería de Educación, que debeu deixar a proposta nun caixón e un ano despois, tras unhas novas eleccións e unha limpeza nos despachos, remataría no lixo de San Caetano.

Acertada ou non esta proposta lanzada a finais do 2022, fainos reflexionar sobre a marcha do noso ensino público, acostumado a continuas modificacións e bandazos a mans dos distintos dirixentes no goberno central de Madrid e no noso propio País por parte do PP que actúa a base de impulsos que dependen máis do interese propagandístico que dunha planificación seria e consensuada co sector, pensando no futuro do ensino público na Galiza, cunhas características propias e diferentes ao resto do Estado.

Sobre a aprendizaxe das persoas adultas ao longo da vida leva a UE traballando preto de 15 anos para conseguir que os estados membros dean os pasos precisos para aumentar a formación da cidadanía, concienciar sobre os beneficios de actualizarse e facer unha transición laboral e dixital acompañada das novas tecnoloxías e de acadar unha formación cun bo nivel que dea resposta á demanda do tecido empresarial.

No 2011 a UE presentou o Plan Europeo de Aprendizaxe de Adultos, no 2016 a Nova Axenda de capacidades para Europa, no 2020 a Axenda de capacidades europea (vinculada ao pacto verde europeo e á Nova Estratexia Dixital europea, para acadar os ODS), así como o Plan de Acción da Educación Dixital (2021-27) e no 2021 o Espazo europeo de Educación (2021-30). Durante todos estes anos entre 2011 e 2021, Europa sigue insistindo na necesidade de avanzar no ámbito educativo mentres os estados seguen nunha inacción ao respecto.

Para o Consello da UE é prioritario asegurar unha aprendizaxe que debe estar regulada debidamente, que dea oportunidades a calquera cidadá/n de xeito permanente e en calquera momento da súa vida, que sexa accesible e flexible; que sexa de calidade,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

con equidade, inclusión e garantía de éxito e que permita unha transición ecolóxica e dixital.

A normativa actual que regula os estudos de adultos é a Lei 2/2006, de 3 de maio, modificada pola Lei 3/2020, de 29 de decembro, que inclúe medidas de orientación profesional que fomenta a aprendizaxe ao longo da vida, garantindo a formación necesaria, incorporación de tecnoloxías dixitais e materiais didácticos en soporte electrónico e facilitar a ensinanza a distancia a través de tecnoloxías dixitais.

A Lei galega 9/1992, de 24 de xullo, de educación e promoción de adultos, queda polo tanto un pouco desfasada do impulso europeo ao respecto e da aplicación da normativa estatal, da que o goberno galego aplicou aquelas cuestións máis electoralistas, como a dixitalización dos centros educativos a través de Edixgal, da que nunca se fixo unha avaliación seria ata o momento e que tanta polémica ten suscitado entre a comunidade educativa.

Na actualidade é necesario acadar a alfabetización dixital de toda a poboación, pero sempre dun xeito planificado e con medidas educativas transversais que axuden ademais a reverter ou paralizar o problema demográfico. Precisamos, polo tanto, poder contar cunha nova lei que dea resposta ás necesidades formativas permanentes da cidadanía galega de calquera idade e en calquera punto xeográfico do noso País, cun acceso flexible á aprendizaxe, para mellorar as súas capacidades e xestionar as transicións profesionais.

Para iso deben contar coa representación de todos os sectores educativos, porque non se trata de facer parches ao sistema actual de adultos, senón que se trata de planificar a educación da cidadanía galega en calquera momento da súa vida, dando resposta ás súas necesidades, pero sen perder de vista unha formación de calidade que combine o ensino formal e informal, on-line, a distancia, presencial ou semipresencial, sen que o obxectivo da administración sexa o aforro en profesorado, senón todo o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
